

Currículos de FP

Texto refundido

Decreto 226/2008

Decreto 38/2010

Técnico superior en educación infantil

Índice

Decreto 226/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil.	5
DISPOÑO	8
I. Disposicións xerais	8
Artigo 1. Obxecto.	8
II. Identificación do título, perfil profesional, contorno profesional e perspectiva do título no sector ou nos sectores.....	9
Artigo 2. Identificación.	9
Artigo 3. Perfil profesional do título.....	9
Artigo 4. Competencia xeral.	9
Artigo 5. Competencias profesionais, persoais e sociais.	10
Artigo 6. Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.....	11
Artigo 7. Contorno profesional.....	12
Artigo 8. Perspectiva do título no sector ou nos sectores.....	12
III. Ensinanzas do ciclo formativo e parámetros básicos de contexto	13
Artigo 9. Obxectivos xerais.....	13
Artigo 10. Módulos profesionais.	15
Artigo 11. Espazos e equipamentos.....	15
Artigo 12. Profesorado.....	16
IV. Accesos e vinculación a outros estudos, e correspondencia de módulos profesionais coas unidades de competencia	17
Artigo 13. Preferencias para o acceso a este ciclo formativo en relación coas modalidades e as materias de bacharelato cursadas.....	17
Artigo 14. Acceso a outros estudos e validacións.	17
Artigo 15. Validacións e exencións.....	17
Artigo 16. Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención.	18
V. Organización da impartición.....	19
Artigo 17. Distribución horaria	19
Artigo 18. Unidades formativas.....	19
Artigo 19. Módulo de proxecto.....	19
Disposicións adicionais.....	19
Primeira.- Oferta nas modalidades semipresencial e a distancia do presente título.	19
Segunda.- Titulacións equivalentes.....	20
Terceira.- Regulación do exercicio da profesión.	21
Cuarta.- Accesibilidade universal nas ensinanzas deste título.....	21
Quinta. Autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas reguladas neste decreto.....	21
Sexta. Desenvolvemento do currículo.....	22
Sétima. Efectos académicos das unidades formativas.	22
Disposicións transitorias	22

Única. Centros privados con autorización para impartir ciclos formativos de formación profesional.....	22
Disposición derogatoria.....	22
Única.- Derogación de normas.....	23
Disposición derradeira.....	23
Primeira. Implantación das ensinanzas recollidas neste decreto.....	23
Segunda.- Desenvolvemento normativo.....	23
Terceira.- Entrada en vigor.....	23
1. Anexo I. Módulos profesionais.....	25
1.1 Módulo profesional: didáctica da educación infantil.....	25
1.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	25
1.1.2 Contidos básicos.....	27
1.1.3 Orientacións pedagóxicas.....	29
1.2 Módulo profesional: autonomía persoal e saúde infantil.....	31
1.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	31
1.2.2 Contidos básicos.....	34
1.2.3 Orientacións pedagóxicas.....	36
1.3 Módulo profesional: o xogo infantil e a súa metodoloxía.....	38
1.3.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	38
1.3.2 Contidos básicos.....	40
1.3.3 Orientacións pedagóxicas.....	42
1.4 Módulo profesional: expresión e comunicación.....	44
1.4.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	44
1.4.2 Contidos básicos.....	46
1.4.3 Orientacións pedagóxicas.....	47
1.5 Módulo profesional: desenvolvemento cognitivo e motor.....	48
1.5.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	48
1.5.2 Contidos básicos.....	50
1.5.3 Orientacións pedagóxicas.....	51
1.6 Módulo profesional: desenvolvemento socioafectivo.....	53
1.6.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	53
1.6.2 Contidos básicos.....	56
1.6.3 Orientacións pedagóxicas.....	58
1.7 Módulo profesional: habilidades sociais.....	59
1.7.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	59
1.7.2 Contidos básicos.....	61
1.7.3 Orientacións pedagóxicas.....	62
1.8 Módulo profesional: intervención con familias e atención a menores en risco social.....	64
1.8.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	64
1.8.2 Contidos básicos.....	66
1.8.3 Orientacións pedagóxicas.....	68
1.9 Módulo profesional: proxecto de atención á infancia.....	70
1.9.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	70
1.9.2 Orientacións pedagóxicas.....	72
1.10 Módulo profesional: primeiros auxilios.....	73
1.10.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	73
1.10.2 Contidos básicos.....	74
1.10.3 Orientacións pedagóxicas.....	75

1.11	Módulo profesional: formación e orientación laboral	77
1.11.1	Unidade formativa 1: prevención de riscos laborais.....	77
1.11.1.1	Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	77
1.11.1.2	Contidos básicos	78
1.11.2	Unidade formativa 2: equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego.....	79
1.11.2.1	Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.....	79
1.11.2.2	Contidos básicos	81
1.11.3	Orientacións pedagóxicas.....	82
1.12	Módulo profesional: empresa e iniciativa emprendedora	84
1.12.1	Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	84
1.12.2	Contidos básicos.....	86
1.12.3	Orientacións pedagóxicas.....	87
1.13	Módulo profesional: formación en centros de traballo	89
1.13.1	Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	89
2.	Anexo II	92
	A) Espazos mínimos.....	92
	B) Equipamentos mínimos.....	92
3.	Anexo III	94
	A) Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos profesionais do ciclo formativo de educación infantil 94	
	B) Titulacións equivalentes para efectos de docencia.....	94
	C) Titulacións requiridas para a impartición dos módulos profesionais que conforman o título para os centros de titularidade privada e doutras administracións distintas da educativa, e orientacións para a Administración pública .	95
4.	Anexo IV	96
	Validacións entre módulos profesionais establecidos no título de técnico superior en educación infantil ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, e os establecidos no título de técnico superior en educación infantil ao abeiro da Lei orgánica 2/2006	96
5.	Anexo V	97
	A) Correspondencia das unidades de competencia acreditadas consonte o establecido no artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, cos módulos profesionais para a súa validación	97
	B) Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación	97
6.	Anexo VI	99
	Organización dos módulos profesionais deste ciclo formativo	99
7.	Anexo VII	100
	Organización dos módulos profesionais en unidades formativas de menor duración.....	100

Decreto 226/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, nos seus niveis e graos, nas súas modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, a desenvolvan.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das modalidades formativas.

A devandita lei establece que a Administración xeral do Estado, de conformidade co que se dispón no artigo 149. 1. 30.ª e 7.ª da Constitución española, e logo da consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, determinará os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, creado polo Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro e modificado polo Real decreto 1416/2005, do 25 de novembro, cuxos contidos poderán ampliar as administracións educativas no ámbito das súas competencias.

Establece así mesmo que os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade terán carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado e serán expedidos polas administracións competentes, a educativa e a laboral respectivamente.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu capítulo III que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas pola citada lei.

No seu capítulo V establece as directrices xerais da formación profesional inicial e dispón que o Goberno, logo da consulta ás comunidades autónomas, establece-

rá as titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas.

O Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo estableceu no seu capítulo II a estrutura dos títulos de formación profesional, tomando como base o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, as directrices fixadas pola Unión Europea e outros aspectos de interese social.

No seu capítulo IV, dedicado á definición do currículo polas administracións educativas en desenvolvemento do artigo 6.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas, no ámbito das súas competencias, establecerán os currículos correspondentes ampliando e contextualizando os contidos dos títulos á realidade socioeconómica do territorio da súa competencia, e respectando o seu perfil profesional.

Publicado o Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro, polo que se establece o título de técnico superior en educación infantil e as súas correspondentes ensinanzas mínimas, e de acordo co seu artigo 10.c), correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecer o currículo correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, o presente decreto desenvolve o currículo do ciclo formativo de formación profesional de técnico superior en educación infantil. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, posibilitando unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Para estes efectos, determínase a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo para cada módulo profesional no que se refire a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para efectos de docencia.

Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as modalidades e as materias de bacharelato que facilitan a conexión co ciclo formativo, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional, cando proceda.

O currículo que se establece no presente decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociado a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que han proporcionar o soporte de información e destreza precisos para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

O currículo establecido no presente decreto require un posterior desenvolvemento a través das programacións didácticas elaboradas polo equipo docente do ciclo formativo. Estas programacións han concretar e adaptar o currículo ao contorno socioeconómico do centro, tomando como referencia o perfil profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais e dos resultados de aprendizaxe establecidos para cada módulo profesional.

Neste sentido, a inclusión do módulo de formación en centros de traballo posibilita que o alumnado complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización dun conxunto de actividades de produción e/ou de servizos en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro, de acordo coas esixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

O módulo de proxecto que se inclúe neste ciclo formativo permitirá integrar de forma global os aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título se abordaron no resto dos módulos profesionais, con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

De acordo co artigo 9º.2 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, establécese a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración, coa finalidade de facilitar a formación ao longo da vida, respectando, en todo caso, a necesaria coherencia da formación asociada a cada unha delas.

De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas Leis 11/1988, do 20 de outubro, 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo, conforme os ditames do Consello Galego de Formación Profesional e do Consello Escolar de Galicia, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e cinco de setembro de dous mil oito,

DISPOÑO

I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

1. O presente decreto establece o currículo que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional relativas ao título de técnico superior en educación infantil, determinado polo Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro, polo que se establece o título de técnico en educación Infantil e se establecen as súas ensinanzas mínimas.

2. O disposto neste decreto substitúe a regulación do currículo fixado polo decreto 86/1999, do 11 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil.

II. Identificación do título, perfil profesional, contorno profesional e perspectiva do título no sector ou nos sectores

Artigo 2. Identificación.

O título de técnico superior en educación infantil identifícase polos seguintes elementos:

- Denominación: educación infantil.
- Nivel: formación profesional de grao superior.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: servizos socioculturais e á comunidade.
- Referente europeo: CINE – 5b (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

Artigo 3. Perfil profesional do título.

O perfil profesional do título de técnico superior en educación infantil determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Artigo 4. Competencia xeral.

A competencia xeral deste título consiste en deseñar, pór en práctica e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no primeiro ciclo de educación infantil no ámbito formal, consonte a proposta pedagóxica elaborada por un mestre ou unha mestra coa especialización en educación infantil ou título de grao

equivalente, e en toda a etapa no ámbito non formal, xerando contornos seguros e en colaboración con profesionais e coas familias.

Artigo 5. Competencias profesionais, persoais e sociais.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan deseguido:

a) Programar a intervención educativa e de atención social á infancia a partir das directrices do programa da institución e das características individuais, do grupo e do contexto.

b) Organizar os recursos para o desenvolvemento da actividade respondendo ás necesidades e ás características dos nenos e das nenas.

c) Desenvolver as actividades programadas empregando as estratexias metodolóxicas e os recursos apropiados, e creando un clima de confianza.

d) Diseñar e aplicar estratexias de actuación coas familias, no marco das finalidades e os procedementos da institución, para mellorar o proceso de intervención.

e) Responder ás necesidades dos cativos e das cativas, así como das familias que requiran a participación de profesionais ou servizos, utilizando os recursos e os procedementos axeitados.

f) Actuar ante continxencias relativas ás persoas, aos recursos ou ao medio, transmitindo seguridade e confianza, e aplicando, de ser o caso, os protocolos de actuación establecidos.

g) Avaliar o proceso de intervención e os resultados obtidos, elaborar e xestionar a documentación asociada ao proceso, e transmitir a información co fin de mellorar a calidade do servizo.

h) Manter actualizados os coñecementos científicos e técnicos relativos á propia actividade profesional, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida.

i) Actuar con autonomía e iniciativa no deseño e na realización de actividades, con respecto polas liñas pedagóxicas e de actuación da institución en que se de-

senvolva a actividade.

j) Manter relacións fluídas cos nenos e as nenas, coas súas familias, cos membros do seu grupo e con outro persoal profesional, amosando habilidades sociais e capacidade de xestión da diversidade cultural, e achegar solucións para os conflitos que se presenten.

k) Xerar contornos seguros, respectando a normativa e os protocolos de seguridade na planificación e no desenvolvemento das actividades.

l) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación.

m) Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, autoemprego e aprendizaxe.

n) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando o estudo da viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.

o) Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e de responsabilidade.

Artigo 6. Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Cualificacións profesionais completas incluídas no título:

Educación infantil SSC322_3 (Real decreto 1368/2007, do 19 de outubro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

- UC1027_3: Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con outros profesionais.
- UC1028_3: Programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de cativos e cativas.
- UC1029_3: Desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco.
- UC1030_3: Promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil.

- UC1031_3: Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social.
- UC1032_3: Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do cativo e da cativa cos seus iguais e coas persoas adultas.
- UC1033_3: Definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretadas no contexto do desenvolvemento infantil de cero a seis anos.

Artigo 7. Contorno profesional.

1. Estas persoas exercerán a súa actividade no sector da educación formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Educador ou educadora infantil en primeiro ciclo de educación infantil, sempre baixo a supervisión dun mestre ou dunha mestra, en institucións públicas e privadas.
- Educador ou educadora en institucións ou en programas específicos de traballo con menores (de cero a seis anos) en situación de risco social, ou en medios de apoio familiar, seguindo as directrices doutros profesionais.
- Educador ou educadora en programas ou actividades de lecer e tempo libre infantil con menores de cero a seis anos: ludotecas, casas de cultura, bibliotecas, centros educativos, centros de lecer, granxas escola, etc.

Artigo 8. Prospectiva do título no sector ou nos sectores.

No desenvolvemento do currículo establecido no presente decreto tivéronse en conta as seguintes consideracións:

1. O perfil profesional deste título evoluciona cara a unha maior capacidade de adaptación a diferentes ámbitos e a un aumento das funcións relacionadas coa coordinación e a mediación con familias, debido a que a normativa de conciliación da vida familiar e laboral irá producindo unha diversidade de servizos complementa-

rios de lecer e tempo libre dirixidos a nenos e nenas destas idades.

2. A crecente demanda dunha maior calidade do servizo ha provocar un descenso no número de alumnos e alumnas por aula, xunto coa xeneralización progresiva de dous membros do profesorado impartindo docencia conxunta, o que, en consecuencia, vai supor un aumento no número de postos de traballo para tales profesionais.

3. As destrezas e os coñecementos relacionados coas novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicables á infancia han ter un peso cada vez maior, o que lle esixe a quen exerza esta profesión unha actualización permanente das súas capacidades.

4. A implantación progresiva de sistemas e procesos de calidade que garantan a eficacia e a mellora dos servizos vaille esixir tamén maiores capacidades relacionadas coa elaboración, o seguimento e o cumprimento de protocolos nos ámbitos educativo e social.

III. Ensinanzas do ciclo formativo e parámetros básicos de contexto

Artigo 9. Obxectivos xerais.

Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

a) Identificar e concretar os elementos da programación, en relación coas características do grupo e do contexto para programar a intervención educativa e de atención social á infancia.

b) Identificar e seleccionar os recursos didácticos, e describir as súas características e as súas aplicacións para os organizar consonte a actividade e os destinatarios.

c) Seleccionar e aplicar recursos e estratexias metodolóxicas, e relacionalos coas características dos cativos e das cativas, no contexto para realizar as actividades programadas.

d) Seleccionar e aplicar dinámicas de comunicación e participación, analizando as variables do contexto e seguindo o procedemento establecido e as estratexias de intervención coas familias.

e) Identificar necesidades dos nenos e das nenas, así como das familias que requiran a participación doutros profesionais ou servizos, e concretar os recursos de diagnóstico e de actuación, para dar unha resposta axeitada.

f) Seleccionar e aplicar técnicas e instrumentos de avaliación en relación coas variables relevantes, e comparar os resultados co estándar establecido no proceso de intervención.

g) Seleccionar e aplicar estratexias de transmisión de información en relación cos contidos que se transmitan, coa súa finalidade e cos receptores, para mellorar a calidade do servizo.

h) Recoñecer os recursos e as estratexias de aprendizaxe ao longo da vida, e relacionalos cos aspectos da propia competencia profesional para manter actualizados os coñecementos científicos e técnicos.

i) Identificar e avaliar a contribución propia aos obxectivos da institución, e valorar a súa actividade profesional para a consecución deses obxectivos.

j) Identificar as características do traballo en equipo, e valorar a súa importancia para mellorar a práctica educativa e lograr unha intervención planificada, coherente e compartida.

k) Aplicar dinámicas de grupo e técnicas de comunicación no equipo de traballo, intercambiando información e experiencias para facilitar a coherencia no proxecto.

l) Analizar os espazos e os materiais para a intervención, e actualizar a lexislación en materia de prevención de riscos e de seguridade, para preservar a saúde e a integridade física dos cativos e das cativas.

m) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e as demandas do mercado laboral para mellorar a súa empregabilidade.

n) Recoñecer os propios dereitos e deberes como axente activo da sociedade

para o exercicio dunha cidadanía democrática.

o) Aplicar técnicas de primeiros auxilios empregando os protocolos establecidos para responder a situacións de emerxencia e risco para a saúde no desenvolvemento da propia actividade profesional.

Artigo 10. Módulos profesionais.

Os módulos profesionais deste ciclo formativo, que se desenvolven no anexo I do presente decreto, son os que a continuación se relacionan:

- MP0011. Didáctica da educación infantil.
- MP0012. Autonomía persoal e saúde infantil.
- MP0013. O xogo infantil e a súa metodoloxía.
- MP0014. Expresión e comunicación.
- MP0015. Desenvolvemento cognitivo e motor.
- MP0016. Desenvolvemento socioafectivo.
- MP0017. Habilidades sociais.
- MP0018. Intervención con familias e atención a menores en risco social.
- MP0019. Proxecto de atención á infancia.
- MP0020. Primeiros auxilios.
- MP0021. Formación e orientación laboral.
- MP0022. Empresa e iniciativa emprendedora.
- MP0023. Formación en centros de traballo.

Artigo 11. Espazos e equipamentos.

1. Os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas deste ciclo formativo son os establecidos no anexo II deste decreto.

2. Os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por diferentes grupos de alumnado que curse o mesmo ou outros ciclos formativos, ou etapas educativas.

3. Non cómpre que os espazos formativos identificados se diferencien mediante pechamentos.

Artigo 12. Profesorado.

1. A docencia dos módulos profesionais que constitúen as ensinanzas deste ciclo formativo corresponde ao profesorado do corpo de catedráticos de ensino secundario, do corpo de profesorado de ensino secundario e do corpo de profesorado técnico de formación profesional, segundo proceda, das especialidades establecidas no anexo III A) deste decreto.

2. As titulacións requiridas para acceder aos corpos docentes citados son, con carácter xeral, as establecidas no artigo 13 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria decimo sétima da devandita lei. As titulacións equivalentes ás anteriores para efectos de docencia, para as especialidades do profesorado son as recollidas no anexo III B) do presente decreto.

3. O profesorado especialista terá atribuída a competencia docente dos módulos profesionais especificados no anexo III A) do presente decreto.

4. O profesorado especialista deberá cumprir os requisitos xerais esixidos para o ingreso na función pública docente establecidos no artigo 12 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da devandita lei.

5. Ademais, co fin de garantir que responda ás necesidades dos procesos involucrados no módulo profesional, cómpre acreditar no comezo de cada nomeamen-

to unha experiencia profesional recoñecida no campo laboral correspondente, debidamente actualizada, con polo menos dous anos de exercicio profesional nos catro anos inmediatamente anteriores ao nomeamento.

6. As titulacións requiridas e calquera outro requisito para a impartición dos módulos profesionais que formen o título, para o profesorado dos centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas, concrépanse no anexo III C) do presente decreto.

IV. Accesos e vinculación a outros estudos, e correspondencia de módulos profesionais coas unidades de competencia

Artigo 13. Preferencias para o acceso a este ciclo formativo en relación coas modalidades e as materias de bacharelato cursadas.

Terá preferencia para acceder a este ciclo formativo o alumnado que cursara a modalidade de bacharelato de humanidades e ciencias sociais.

Artigo 14. Acceso a outros estudos e validacións.

1. Este título permite o acceso directo para cursar calquera outro ciclo formativo de grao superior, nas condicións de acceso que se establezan.

2. Este título permite o acceso directo ás ensinanzas conducentes aos títulos universitarios de grao nas condicións de admisión que se establezan.

3. Para os efectos de facilitar o réxime de validacións entre este título e as ensinanzas universitarias de grao, asígnanse 120 créditos ECTS distribuídos entre os módulos profesionais deste ciclo formativo.

Artigo 15. Validacións e exencións.

1. As validacións de módulos profesionais dos títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, cos módulos profesionais dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establécense no anexo

IV do presente decreto.

2. Serán obxecto de validación os módulos profesionais comúns a varios ciclos formativos, de igual denominación, duración, contidos, obxectivos expresados como resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación, establecidos nos reais decretos polos que se fixan as ensinanzas mínimas dos títulos de formación profesional. Malia o anterior, e consonte o artigo 45.2 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, quen superara o módulo profesional de formación e orientación laboral, ou o módulo profesional de empresa e iniciativa emprendedora en calquera dos ciclos formativos correspondentes aos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, terá validados os devanditos módulos en calquera outro ciclo formativo establecido ao abeiro da mesma lei.

3. O módulo profesional de formación e orientación laboral de calquera título de formación profesional poderá ser obxecto de validación sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 45.3 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, que se acredite polo menos un ano de experiencia laboral e se posúa o certificado de técnico en prevención de riscos laborais, nivel básico, expedido consonte o disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

4. De acordo co establecido no artigo 49 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, poderá determinarse a exención total ou parcial do módulo profesional de formación en centros de traballo pola súa correspondencia coa experiencia laboral, sempre que se acredite unha experiencia relacionada con este ciclo formativo nos termos previstos no devandito artigo.

Artigo 16. Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención.

1. A correspondencia das unidades de competencia cos módulos profesionais que forman as ensinanzas deste título para a súa validación ou exención queda determinada no anexo V A) deste decreto.

2. A correspondencia dos módulos profesionais que forman as ensinanzas deste título coas unidades de competencia para a súa acreditación queda determinada

no anexo V B) deste decreto.

V. Organización da impartición

Artigo 17. Distribución horaria

Os módulos profesionais deste ciclo formativo organizaranse polo réxime ordinario, segundo se establece no anexo VI deste decreto.

Artigo 18. Unidades formativas

De acordo co artigo 9º.2 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, e coa finalidade de facilitar a formación ao longo da vida e servir de referente para a súa impartición, establécese no anexo VII a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración.

Artigo 19. Módulo de proxecto.

1. O módulo de proxecto incluído no currículo deste ciclo formativo ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial. Organizarase sobre a base da titoría individual e colectiva. A atribución docente será a cargo do profesorado que imparta docencia no ciclo formativo.

2. Desenvolverase logo da avaliación positiva de todos os módulos profesionais de formación no centro educativo, coincidindo coa realización dunha parte do módulo profesional de formación en centros de traballo e avaliarase unha vez cursado este, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel.

Disposicións adicionais

Primeira.- Oferta nas modalidades semipresencial e a distancia do presente título.

A impartición das ensinanzas dos módulos profesionais deste ciclo formativo nas modalidades semipresencial ou a distancia, que se ofrecerán unicamente polo réxime para as persoas adultas, ha requirir a autorización previa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, conforme o procedemento que se estableza.

Segunda.- Titulacións equivalentes.

1. Os títulos que se relacionan deseguido terán os mesmos efectos profesionais e académicos que o título de técnico superior en educación infantil, establecido no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro, cuxo currículo para Galicia se desenvolve no presente decreto:

- Título de técnico especialista en xardíns de infancia, rama de servizos á comunidade, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- Título de técnico especialista educador infantil, rama de servizos á comunidade, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- Título de técnico superior en educación infantil establecido polo Real decreto 2059/1995, do 22 de decembro, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo decreto 86/1999, do 11 de marzo

2. A formación establecida neste decreto no módulo profesional de formación e orientación laboral capacita para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

3. A formación establecida no presente decreto no módulo profesional de autonomía persoal e saúde infantil garante o nivel de coñecemento necesario para posibilitar unhas prácticas correctas de hixiene e manipulación de alimentos de acordo coa esixencia do artigo 4.6 do Real decreto 202/2000, do 11 de febreiro, polo que se establecen as normas relativas a manipuladores e manipuladoras de ali-

mentos.

Terceira.- Regulación do exercicio da profesión.

1. De conformidade co establecido no Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, os elementos recollidos no presente decreto non constitúen regulación do exercicio de profesión titulada ningunha.

2. Así mesmo, as equivalencias de titulacións académicas establecidas no apartado 1 da disposición adicional segunda deste decreto hanse entender sen prexuízo do cumprimento das disposicións que habilitan para o exercicio das profesións reguladas.

Cuarta.- Accesibilidade universal nas ensinanzas deste título.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria garantirá que o alumnado poida acceder e cursar este ciclo formativo nas condicións establecidas na disposición derradeira décima da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

2. As programacións didácticas que desenvolvan o currículo establecido no presente decreto deberán ter en conta o principio de “deseño para todos”. Para tal efecto, han recoller as medidas necesarias co fin de que o alumnado poida conseguir a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, persoais e sociais, así como os resultados de aprendizaxe de cada un dos módulos profesionais.

En calquera caso, estas medidas non poderán afectar de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

Quinta. Autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas reguladas neste decreto

A autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas deste ciclo formativo esixirá que desde o inicio do curso escolar se cumpran os requisitos de profesorado, espazos e equipamentos regulados neste decreto.

Sexta. Desenvolvemento do currículo.

1. O currículo establecido neste decreto require un posterior desenvolvemento a través das programacións didácticas elaboradas polo equipo docente do ciclo formativo. Estas programacións han concretar e adaptar o currículo ao contorno socioeconómico do centro e ás características do alumnado, tomando como referencia o perfil profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais e dos resultados de aprendizaxe establecidos para cada módulo profesional.

2. Os centros educativos han desenvolver o presente currículo de acordo co establecido no artigo 11º do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

Sétima. Efectos académicos das unidades formativas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ha determinar os efectos académicos da división dos módulos profesionais en unidades formativas ás que se fai referencia no artigo 18.

Disposición transitoria

Única. Centros privados con autorización para impartir ciclos formativos de formación profesional.

A autorización concedida aos centros educativos de titularidade privada para impartir as ensinanzas ás que se fai referencia no Decreto 86/1999, do 11 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil, entenderase referida ás ensinanzas reguladas no presente decreto.

Disposición derogatoria

Única.- Derrogación de normas.

Queda derrogado o decreto 86/1999, do 11 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil, e todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto, sen prexuízo da disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira

Primeira. Implantación das ensinanzas recollidas neste decreto

1. No curso 2008-2009 implantarase o primeiro curso polo réxime ordinario e deixará de impartirse o primeiro curso das ensinanzas ás que se fai referencia no artigo 1.2 deste decreto.

2. No curso 2009-2010 implantarase o segundo curso polo réxime ordinario e deixará de impartirse o segundo curso das ensinanzas ás que se fai referencia no artigo 1.2 deste decreto.

3. No curso 2008-2009 implantaranse as ensinanzas reguladas no presente decreto polo réxime para as persoas adultas e deixarán de impartirse as ensinanzas ás que fai referencia no artigo 1.2.

Segunda.- Desenvolvemento normativo

1. Autorízase a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do establecido neste decreto.

2. Autorízase a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para modificar o anexo II B), relativo a equipamentos, cando por razóns de obsolescencia ou actualización tecnolóxica así se xustifique.

Terceira.- Entrada en vigor.

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario

Oficial de Galicia.

1. Anexo I. Módulos profesionais

1.1 Módulo profesional: didáctica da educación infantil

- Equivalencia en créditos ECTS: 14
- Código: MP0011
- Duración: 240 horas

1.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Contextualiza a intervención educativa en relación co marco lexislativo e os fins da institución.
 - CA1.1. Identifícase a información sobre o contorno social, económico e cultural que é útil para a intervención.
 - CA1.2. Analízase a lexislación autonómica, estatal e europea en relación aos servizos educativos de atención á infancia.
 - CA1.3. Analízase a lexislación sobre normalización lingüística.
 - CA1.4. Identifícanse propostas de educación infantil propias da realidade galega.
 - CA1.5. Comparáronse os tipos de centros e programas de educación formal e non formal.
 - CA1.6. Defíníronse as características, os obxectivos, a organización e o tipo de funcionamento dunha escola infantil.
 - CA1.7. Descríronse as características, os obxectivos, a organización e o tipo de funcionamento dunha institución de educación non formal.
 - CA1.8. Valorouse a actividade profesional das persoas coa titulación de técnico de educación infantil no contexto da intervención educativa.
 - CA1.9. Utilizáronse novas tecnoloxías como fonte de información e valorouse o seu uso.
 - CA1.10. Amosouse iniciativa e disposición ante novas situacións da profesión.
- RA2. Determina os obxectivos da intervención educativa en relación cos niveis de planificación, os elementos que a compoñen e os criterios de formulación, nos ámbitos formais e non formais.
 - CA2.1. Identifícanse os elementos dun currículo.
 - CA2.2. Identifícanse os elementos dun proxecto de intervención educativa non formal.
 - CA2.3. Analizáronse os elementos do currículo de educación infantil.
 - CA2.4. Descríronse as bases en que se apoia o currículo da educación Infantil.
 - CA2.5. Identifícanse os niveis de concreción curricular.
 - CA2.6. Identifícanse os niveis de planificación dunha actividade de educación non formal: plan, programa e proxecto.
 - CA2.7. Comparáronse documentos de planificación de tipos de institución nos ámbitos formal e non formal.

- CA2.8. Seleccionáronse obxectivos e contidos partindo do marco curricular, do plan ou do programa, así como das características dos cativos e das cativas, para conseguir o desenvolvemento das súas capacidades individuais.
- CA2.9. Valorouse a importancia da planificación no proceso de intervención educativa.
- RA3. Determina as estratexias metodolóxicas que se deben aplicar consonte os modelos psicopedagóxicos.
 - CA3.1. Identificáronse os modelos didácticos específicos da educación infantil.
 - CA3.2. Interpretáronse os fundamentos dos modelos de atención á infancia.
 - CA3.3. Analizáronse os principios psicopedagóxicos dos modelos máis recentes en relación coa educación formal de educación infantil.
 - CA3.4. Comparáronse experiencias educativas salientables para definir a propia intervención educativa.
 - CA3.5. Integráronse os temas transversais na elaboración de unidades didácticas.
 - CA3.6. Seleccionáronse criterios metodolóxicos conforme os obxectivos da institución, o marco curricular, e as necesidades e os intereses dos cativos e das cativas.
 - CA3.7. Deseñáronse as adaptacións curriculares tendo en conta as recomendacións das entidades e do persoal profesional implicado, así como a información obtida.
 - CA3.8. Valorouse a participación nas actividades en equipo, o contraste de opinións e o intercambio de experiencias.
- RA4. Determina e organiza os recursos materiais e persoais, os espazos e os tempos, consonte a normativa legal e aplicando criterios pedagóxicos na intervención educativa na infancia.
 - CA4.1. Identificáronse os materiais didácticos, os espazos e os tempos de acordo coa intervención educativa.
 - CA4.2. Describiuse a normativa que regula o uso de espazos, recursos e tempos no ámbito formal e non formal, segundo o marco autonómico e estatal.
 - CA4.3. Definiuse a organización do tempo e do espazo como recurso didáctico.
 - CA4.4. Recoñeceuse e valorouse a necesidade de organizar as tarefas.
 - CA4.5. Analizáronse os modelos de agrupamento de acordo co número de participantes, a idade, a metodoloxía e a programación prevista.
 - CA4.6. Analizáronse os espazos, os materiais didácticos e a moblaxe, e comprobouse o cumprimento das normas de seguridade e hixiene, así como as condicións de accesibilidade.
 - CA4.7. Seleccionáronse materiais didácticos e didáctico-interactivos acaídos para os obxectivos, os contidos e os criterios metodolóxicos.
 - CA4.8. Establecéronse os espazos, os materiais, os recursos humanos e os tempos tendo en conta a idade, o número de nenos e nenas e, de ser o caso, as necesidades educativas especiais.
 - CA4.9. Responsabilizouse da importancia de xerar contornos seguros.
- RA5. Planifica as actividades de educación formal e non formal en relación cos obxectivos da programación e coas características dos cativos e das cativas.
 - CA5.1. Relacionáronse as actividades cos obxectivos, os contidos, a metodoloxía e as necesidades individuais dos cativos e das cativas.
 - CA5.2. Integráronse os temas transversais nas actividades programadas.

- CA5.3. Deseñáronse actividades para o tratamento da atención á diversidade e a compensación de desigualdades sociais.
- CA5.4. Identificáronse dificultades e propuxéronse solucións viables.
- CA5.5. Elaboráronse adaptacións curriculares en función das características individuais e das necesidades específicas de apoio educativo aos grupos destinatarios.
- CA5.6. Analizáronse adaptacións curriculares en relación a supostos de necesidades educativas especiais permanentes ou temporais.
- CA5.7. Valorouse a coherencia da planificación das actividades de educación formal e non formal respecto aos obxectivos da programación.
- RA6. Deseña a avaliación dos procesos de intervención e argumenta a selección do modelo, as estratexias, as técnicas e os instrumentos utilizados.
 - CA5.1. Identificáronse os modelos de avaliación.
 - CA5.2. Definíronse as estratexias e as técnicas de avaliación, tendo en conta a planificación e os momentos da intervención.
 - CA5.3. Seleccionáronse as estratexias e as técnicas de avaliación en varios momentos ao longo do proceso de intervención.
 - CA5.4. Deseñáronse as actividades de avaliación tendo en conta os criterios e os procedementos establecidos dentro do marco curricular, no caso da educación formal, e do plan ou programa, no caso da educación non formal.
 - CA5.5. Establecéronse indicadores de avaliación en varios momentos do proceso de intervención, para valorar a adecuación dos obxectivos e dos criterios metodolóxicos, a selección e a secuencia dos contidos e das actividades, así como a funcionalidade e a adecuación dos espazos e dos materiais empregados.
 - CA5.6. Valorouse a importancia da avaliación en cada momento do proceso.
 - CA5.7. Valorouse a importancia de manter unha actitude permanente de mellora na eficacia e na calidade do servizo.
 - CA5.8. Identificáronse os recursos para a formación permanente do persoal educador.

1.1.2 Contidos básicos

Análise do contexto da intervención educativa

- A infancia: historia e lexislación específica.
- Institucións formais e non formais de atención á infancia: tipos, modelos, funcións e características.
- Análise da lexislación europea, estatal e autonómica de servizos de atención á infancia no ámbito formal e non formal.
- Intervención educativa en contornos bilingües. Lexislación específica e situación sociolingüística de Galicia.
- Papel do persoal coa titulación de técnico de educación infantil na intervención educativa.
- Escola infantil: modelos, funcións e características.
- Análise de propostas de educación infantil para o medio rural.
- Valoración das novas tecnoloxías como fonte de información.

Deseño da intervención educativa

- Currículo: tipos e elementos que o compoñen.
- O currículo en educación infantil.
- Niveis de concreción curricular.
- Análise e identificación dos elementos que compoñen un proxecto educativo e unha proposta pedagóxica.
- Niveis de planificación dunha intervención no ámbito non formal: plan, programa e proxecto.
- Comparación entre documentos de planificación de institucións formais e non formais.
- Atención á diversidade nas intervencións educativas.
- Valoración da importancia da planificación na atención á infancia.

Determinación de estratexias metodolóxicas

- Modelos didácticos específicos de educación infantil.
- Achegas históricas que definen o proceso de ensino e aprendizaxe.
- Análise dos principios psicopedagóxicos que sustentan os modelos máis recentes de educación infantil.
- Programación e elaboración de unidades didácticas.
- Análise das posibilidades na intervención con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Comparación de diversas experiencias educativas en nenos e nenas de cero a seis anos.
- Valoración da participación no traballo en equipo.

Planificación de espazos, tempos e recursos na intervención educativa

- Materiais didácticos, espazos e tempos.
- Normativa reguladora do uso de espazos, recursos e tempos na intervención formal e non formal.
- Normativa de seguridade nos espazos e nos recursos dedicados á atención á infancia.
- Recursos didácticos: organización espacial e temporal.
- Selección de materiais consonte a planificación da intervención educativa.
- Asignación de espazos, tempos e recursos (materiais e persoais), conforme a planificación da intervención educativa.
- Accesibilidade aos espazos.
- Sensibilización respecto á xeración de contornos seguros.

Organización da posta en práctica de actividades de educación formal e non formal

- Transversalidade en educación infantil.
- Identificación do currículo oculto na práctica da educación infantil.

- Deseño de actividades que traten a atención á diversidade e a compensación de desigualdades sociais.
- Análise e deseño de adaptacións curriculares.
- Posta en práctica das actividades formais e non formais.
- Valoración da coherencia da posta en práctica de actividades formais e non formais.

Deseño da avaliación do proceso de intervención

- Avaliación: modelos, técnicas e instrumentos.
- Indicadores de avaliación.
- Selección e elaboración de instrumentos.
- Observación.
- Elaboración de memorias e informes.
- Interpretación da información obtida dos procesos de avaliación.
- Xestión da calidade en centros educativos.
- Recoñecemento da necesidade de avaliar o proceso de intervención educativa.
- Predisposición á autocrítica e á autoavaliación.
- Actualización e formación permanente. Recursos.

1.1.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións consistentes no deseño, a planificación e a avaliación das intervencións educativas que se levarán a cabo con cativos e cativas de cero a seis anos.

O deseño e a planificación abranguen aspectos como:

- Definición e secuenciación das intervencións educativas.
- Planificación da intervención e da avaliación.
- Planificación da organización dos recursos.
- Definición e/ou elaboración da memoria, os informes, protocolos, etc.

A función de avaliación abrangue aspectos relacionadas co deseño da valoración da intervención aplicando criterios de calidade ás súas intervencións.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense na atención á infancia de cero a tres anos, na educación formal e na non formal, e ata seis anos en educación non formal.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), f), g), h), i), j), k) e l) do ciclo formativo, e as competencias a), b), e), g), h), i), k) e l) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permitan alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Unha fase previa ao deseño da intervención educativa de análise do contexto onde se desenvolva a educación infantil, así como das características das institucións formais e non formais de atención aos nenos e ás nenas de cero a seis anos.
- Deseño e elaboración de programas, proxectos e actividades que organicen e establezan a secuencia dos procesos de intervención educativa nos cativos e nas cativas

de cero a seis anos, tendo en conta as características das institucións onde se desenvolva a intervención, os destinatarios implicados e os recursos.

- Deseño dos procesos avaliativos da intervención educativa para conseguir unha óptima calidade nas súas intervencións educativas con cativos e cativas de cero a seis anos.

Todas estas liñas de organización han ter en conta o traballo en grupo, a creatividade e a autoavaliación do traballo realizado, como estratexias para un mellor desenvolvemento das aprendizaxes.

Dado o carácter de soporte que ten este módulo profesional, e que se considera básico para comprender o proceso tecnolóxico das intervencións educativas de atención á infancia, recoméndase que se poña en práctica durante o primeiro período do desenvolvemento deste ciclo.

1.2 Módulo profesional: autonomía persoal e saúde infantil

- Equivalencia en créditos ECTS: 12
- Código: MP0012
- Duración: 155 horas

1.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Planifica actividades educativas de atención ás necesidades básicas dos pequenos e das pequenas analizando as pautas de alimentación, hixiene e descanso, e os patróns de crecemento e desenvolvemento físico.
 - CA1.1. Identificáronse as etapas do desenvolvemento físico e os factores que inflúen nel.
 - CA1.2. Describíronse os parámetros básicos para o seguimento no desenvolvemento físico dos nenos e das nenas.
 - CA1.3. Identifícanse os tipos de alimentación da infancia.
 - CA1.4. Describíronse as características e as necesidades dos pequenos e das pequenas en relación coa alimentación, a hixiene e o descanso.
 - CA1.5. Identificáronse os criterios axeitados na elaboración de menús.
 - CA1.6. Elaboráronse tipos de dietas e menús adaptados ás características persoais: idade, alerxias, intolerancias alimentarias, etc.
 - CA1.7. Analizáronse as pautas de actuación na manipulación dos alimentos.
 - CA1.8. Describíronse as pautas de actuación en relación ao aseo, a hixiene, o vestido, o descanso e o sono infantil.
 - CA1.9. Identificáronse os principais trastornos e conflitos relacionados coa alimentación, a hixiene e o descanso.
 - CA1.10. Propuxéronse actividades, recursos e estratexias acaídas para a satisfacción das necesidades básicas dos pequenos e das pequenas.
 - CA1.11. Deseñáronse ambientes aptos e seguros para a satisfacción das necesidades de alimentación, hixiene e descanso.
 - CA1.12. Establecéronse os elementos materiais, espaciais e temporais que interveñen na planificación e no desenvolvemento das rutinas diarias.
 - CA1.13. Relacionouse o xeito de atención de cada necesidade básica coas características dos cativos e das cativas.
 - CA1.14. Valorouse a importancia educativa das actividades relacionadas coa satisfacción das necesidades básicas.
- RA2. Programa intervencións educativas para favorecer o desenvolvemento de hábitos de autonomía persoal nos cativos e nas cativas en relación coas estratexias de planificación educativa e os ritmos de desenvolvemento infantil.
 - CA2.1. Describíronse as fases do proceso de adquisición de hábitos.
 - CA2.2. Formuláronse obxectivos acordes ás posibilidades de autonomía pequenos e das pequenas.

- CA2.3. Estableceuse a secuencia das aprendizaxes de autonomía persoal a partir das características evolutivas dos pequenos e das pequenas.
- CA2.4. Deseñáronse ambientes favorecedores da autonomía persoal na infancia.
- CA2.5. Establecéronse estratexias e instrumentos para a detección de elementos que dificulten a adquisición da autonomía persoal dos cativos e das cativas.
- CA2.6. Propuxéronse actividades axeitadas para a adquisición de hábitos de autonomía persoal das nenas e dos nenos.
- CA2.7. Identificáronse os conflitos e os trastornos relacionados coa adquisición de hábitos de autonomía na infancia.
- CA2.8. Valorouse a importancia da adquisición da autonomía persoal para a construción dunha autoimaxe positiva e do seu desenvolvemento integral, por parte do cativo e da cativa.
- CA2.9. Valorouse a importancia da colaboración da familia na adquisición e na consolidación de hábitos de autonomía persoal.
- CA2.10. Explicouse o papel das persoas adultas na adquisición da autonomía infantil.
- RA3. Organiza os espazos, os tempos e os recursos da intervención en relación cos ritmos infantís e a necesidade das rutinas dos nenos e das nenas de cero a seis anos e, de ser o caso, coas axudas técnicas que cumbran.
 - CA3.1. Explicouse o papel das rutinas no desenvolvemento infantil e a súa influencia na organización temporal da actividade do centro.
 - CA3.2. Establecéronse as rutinas diarias para a alimentación, a hixiene e os descanso.
 - CA3.3. Preparouse o espazo e as condicións máis acaídas para o descanso, a hixiene e a alimentación.
 - CA3.4. Organizáronse os tempos respectando os ritmos infantís e o equilibrio entre os períodos de actividade e de descanso.
 - CA3.5. Achegáronse solucións ante as dificultades detectadas.
 - CA3.6. Seleccionáronse os obxectos e os recursos materiais necesarios para traballar cos hábitos de alimentación, hixiene, descanso, etc.
 - CA3.7. Seleccionáronse as axudas técnicas necesarias.
 - CA3.8. Comprobouse que o ambiente, os materiais e equipamentos específicos cumbran as normas de hixiene e seguridade establecidas na normativa.
 - CA3.9. Valorouse a importancia de respectar os ritmos individuais dos cativos e das cativas.
 - CA3.10. Organizáronse actividades e campañas de promoción da saúde.
- RA4. Realiza actividades de atención ás necesidades básicas e de adquisición de hábitos de autonomía dos cativos e das cativas, e xustifica as pautas de actuación.
 - CA4.1. Levouse a cabo a intervención con adecuación ás características individuais dos pequenos e das pequenas, aos criterios metodolóxicos previstos e aos recursos dispoñibles.
 - CA4.2. Describíronse as estratexias para satisfacer as necesidades de relación nas rutinas diarias.
 - CA4.3. Aplicáronse as técnicas de alimentación, aseo e hixiene infantil de bebés.
 - CA4.4. Estableceuse unha relación educativa cos nenos e coas nenas.

- CA4.5. Aplicáronse estratexias metodolóxicas para favorecer o desenvolvemento da autonomía persoal nos cativos e nas cativas.
- CA4.6. Respectáronse os ritmos individuais.
- CA4.7. Utilizáronse as axudas técnicas seguindo os protocolos establecidos.
- CA4.8. Respectáronse as normas de hixiene, prevención e seguridade.
- CA4.9. Respondeuse adecuadamente ante as continxencias.
- CA4.10. Valorouse o papel do persoal educador na satisfacción das necesidades básicas e no desenvolvemento da autonomía dos cativos e das cativas.
- RA5. Intervén en situacións de especial dificultade ou risco para a saúde e para a seguridade dos cativos e das cativas, e relaciona a súa actuación cos protocolos establecidos para a prevención e a intervención en casos de doenza ou accidente.
 - CA5.1. Identificáronse as características e as necesidades básicas dos nenos e das nenas de cero a seis anos en materia de saúde e seguridade, en relación coa etapa evolutiva en que se achen e cos instrumentos axeitados.
 - CA5.2. Identificáronse os principais factores implicados no proceso de doenza-saúde.
 - CA5.3. Describíronse as condicións e as medidas sanitarias e preventivas que cumpra adoptar para a promoción da saúde e o benestar nos centros de atención á infancia.
 - CA5.4. Valorouse a importancia do estado de saúde e da hixiene persoal do persoal educador na prevención de riscos para a saúde.
 - CA5.5. Indicáronse os criterios e os síntomas máis salientables para a identificación das principais doenzas infantís, e describíronse os protocolos de actuación.
 - CA5.6. Identificáronse os accidentes infantís máis frecuentes.
 - CA5.7. Describíronse as estratexias de prevención dos accidentes infantís.
 - CA5.8. Valorouse o papel das actitudes do educador ou da educadora infantil ante as situacións de doenza e accidente.
 - CA5.9. Comprobase que o ambiente, os materiais e os equipamentos específicos cumpran as normas de calidade e seguridade.
 - CA5.10. Establecéronse e mantivéronse relacións de comunicación efectivas coas familias e, de ser o caso, con profesionais, seguindo os procedementos previstos.
 - CA5.11. Valorouse a importancia da educación para a saúde na escola infantil.
 - CA5.12. Valorouse o papel do persoal con titulación de técnico en educación infantil como axente de saúde e seguridade.
- RA6. Avalía o proceso e o resultado da intervención en relación coa satisfacción das necesidades básicas e a adquisición de hábitos de autonomía persoal, e xustifica a selección das estratexias e dos instrumentos empregados.
 - CA6.1. Identificáronse as fontes de información e as técnicas de seguimento do desenvolvemento físico e da adquisición de hábitos, e a detección de situacións de risco.
 - CA6.2. Seleccionáronse os indicadores e os instrumentos axeitados para o control e o seguimento da evolución dos cativos e das cativas, e do proceso de intervención.
 - CA6.3. Aplícase o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.
 - CA6.4. Rexistráronse os datos no soporte establecido.
 - CA6.5. Interpreouse correctamente a información recollida.
 - CA6.6. Identificáronse as causas dunha intervención non adecuada.

- CA6.7. Identificáronse as situacións en que cumpra a colaboración das familias e doutro persoal profesional.
- CA6.8. Elaboráronse informes sobre a evolución na adquisición de hábitos, a satisfacción das necesidades básicas e os trastornos nestes ámbitos dirixidos ás familias e a outro persoal profesional.
- CA6.9. Valorouse a importancia da avaliación para dar unha resposta acaída ás necesidades básicas dos cativos e das cativas.

1.2.2 Contidos básicos

Planificación de actividades educativas de atención ás necesidades básicas

- Crecemento e desenvolvemento físico de cero a seis anos: etapas, características e trastornos máis frecuentes.
- Factores que inflúen no crecemento e no desenvolvemento infantil.
- Parámetros básicos para o seguimento no desenvolvemento físico dos nenos e das nenas.
- Alimentación: tipos.
- Análise das características e das pautas da alimentación infantil.
- Análise da información dos produtos alimentarios. Calidade alimentaria.
- Criterios para a elaboración de menús infantís.
- Elaboración de menús adecuados ás necesidades derivadas dos trastornos alimentarios, tendo en conta as alerxias e as intolerancias.
- Manipulación dos alimentos.
- Identificación das necesidades e dos ritmos de descanso e de sono infantís.
- Aseo e hixiene persoal.
- Vestido, calzado e outros obxectos de uso persoal.
- Identificación de trastornos relacionados coa alimentación, co descanso e coa hixiene.
- Principais afeccións alimentarias: alerxias e intolerancias. Dietas tipo.
- Valoración da atención ás necesidades básicas como momento educativo.
- Prevención e seguridade na atención ás necesidades básicas: análise de perigos e puntos de control críticos.

Programación de intervencións para a adquisición de hábitos de autonomía persoal na infancia

- Autonomía persoal na infancia: pautas de desenvolvemento.
- Análise de estratexias educativas de creación e mantemento de hábitos relacionados coa alimentación, co descanso, co control de esfínteres e coa autonomía persoal nas actividades da vida cotiá infantil.
- Identificación de conflitos e trastornos relacionados coa adquisición de hábitos de autonomía persoal.
- Valoración da autonomía persoal no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.

- Valoración do papel das persoas adultas na adquisición da autonomía persoal dos cativos e das cativas.

Organización dos espazos, o tempo e os recursos para a satisfacción das necesidades básicas e a adquisición de hábitos

- Determinación de instalacións e dos materiais para a alimentación, a hixiene e o descanso dos pequenos e das pequenas.
- Alteracións e conservación dos alimentos.
- Hixiene das instalacións e dos utensilios.
- Adecuación de espazos e recursos para favorecer a autonomía dos pequenos e das pequenas.
- Análise das rutinas na organización do tempo.
- Organización da actividade: importancia dos ritmos individuais e do equilibrio entre a actividade e o descanso.
- Normativa en materia de seguridade e hixiene.
- Identificación de axudas técnicas para a mobilidade e a comunicación na infancia.
- Valoración das necesidades infantís como eixe da actividade educativa.
- Organización de actividades e campañas de promoción da saúde.

Intervención en atención ás necesidades básicas e de promoción da autonomía persoal

- Aplicación de técnicas para a alimentación de bebés.
- Manipulación hixiénica dos alimentos.
- Análise de prácticas concretas de hixiene no ámbito da educación infantil.
- Análise do proceso que as nenas e os nenos seguen no control de esfínteres.
- Aplicación de técnicas para o aseo e a hixiene infantís.
- Análise do papel do persoal profesional da educación infantil na atención ás necesidades básicas e na promoción da autonomía persoal dos cativos e das cativas.
- Normas de seguridade e hixiene aplicables ao persoal profesional da educación infantil.
- Valoración da coordinación coas familias e con outras persoas profesionais para a atención dos cativos e das cativas.

Intervención en situacións de especial dificultade relacionadas coa saúde e a seguridade

- Saúde e doenza. Promoción da saúde.
- Factores implicados no proceso de doenza-saúde
- Educación para a saúde na escola infantil.
- Identificación das doenzas infantís máis frecuentes. Pautas de intervención.
- Vacinas
- Trastornos derivados da discapacidade e de situacións de inadaptación social. Pautas de intervención.
- Perigos e puntos de control críticos.

- Análise dos riscos e dos factores que predispoñen para os accidentes na infancia. Epidemioloxía.
- Prevención de riscos relacionados coa saúde e a seguridade infantís.
- Valoración do papel do persoal profesional da educación infantil na prevención de riscos relacionados coa saúde e a seguridade infantís.

Avaliación de programas de adquisición de hábitos e atención ás necesidades básicas

- Instrumentos para o control e o seguimento do desenvolvemento físico e a adquisición de hábitos de autonomía persoal.
- Interpretación de instrumentos e datos sobre a evolución dos parámetros físicos.
- Análise de estratexias e instrumentos para valorar as condicións de seguridade e hixiene dos centros educativos e de atención á infancia.
- Detección de indicadores de risco para a saúde o a seguridade infantil.
- Información ás familias e a outras persoas profesionais: instrumentos.

1.2.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de organización, intervención, execución e avaliación de intervencións educativas dirixidas a satisfacer as necesidades básicas dos nenos e das nenas, e a favorecer a adquisición e o mantemento de hábitos de autonomía persoal nos pequenos e nas pequenas de cero a seis anos.

A función de organización abrangue aspectos como:

- Detección de necesidades.
- Elaboración da programación especificando todos os seus elementos.

A función de intervención e execución abrangue aspectos como:

- Recollida de información dos cativos e das cativas.
- Organización da actuación e previsión de continxencias.
- Establecemento de axudas técnicas, de ser o caso.
- Desenvolvemento da actuación propiamente dita.
- Aplicación das estratexias de intervención establecidas na programación.
- Elaboración e formalización da documentación asociada ao proceso.

A función de avaliación refírese ao control e ao seguimento das actividades de atención ás necesidades básicas e de ensino de habilidades de autonomía persoal.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense no ámbito da educación formal e non formal, e no dos servizos sociais dirixidos a menores en situación de risco ou exclusión social.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), f), g) e l) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), f), g), j) e k) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Deseño de programas e de actividades partindo do coñecemento das características do desenvolvemento físico dos pequenos e das pequenas, da importancia educativa dos momentos dedicados á alimentación, a hixiene e ao descanso, e das posibilidades de autonomía persoal en cada idade.

- Organización de espazos, tempos e materiais que permitan unha axeitada resposta ás necesidades básicas e, ao mesmo tempo, o desenvolvemento da autonomía persoal do cativo ou da cativa, sempre nun marco de prevención e seguridade.
- Selección e posta en práctica de estratexias metodolóxicas que favorezan a autonomía dos cativos e das cativas.
- Detección de situacións de risco para a saúde e a seguridade infantís.

1.3 Módulo profesional: o xogo infantil e a súa metodoloxía

- Equivalencia en créditos ECTS: 12
- Código: MP0013
- Duración: 187 horas

1.3.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Contextualiza o modelo lúdico na intervención educativa e valóralo tendo en conta as teorías sobre o xogo, a súa evolución, a súa importancia no desenvolvemento infantil e o seu papel como eixe metodolóxico.
 - CA1.1. Identificáronse as características do xogo nos nenos e nas nenas.
 - CA1.2. Analizouse a evolución e a importancia do xogo durante o desenvolvemento infantil.
 - CA1.3. Valorouse a importancia de incorporar aspectos lúdicos no proceso de ensino e aprendizaxe.
 - CA1.4. Establecéronse similitudes e diferenzas entre as teorías do xogo.
 - CA1.5. Relacionouse o xogo coas dimensións do desenvolvemento infantil.
 - CA1.6. Recoñeceu a importancia do xogo como factor de integración, adaptación social, igualdade e convivencia.
 - CA1.7. Analizáronse as técnicas e os recursos do xogo: cesto dos tesouros e xogo heurístico.
 - CA1.8. Analizáronse proxectos que utilicen o xogo como eixe de intervención, no ámbito formal e non formal.
 - CA1.9. Incorporáronse elementos lúdicos na intervención educativa.
 - CA1.10. Valorouse a importancia do xogo no desenvolvemento infantil e como eixe metodolóxico da intervención educativa.
- RA2. Deseña proxectos de intervención lúdicos en relación co contexto, co equipamento e co servizo en que se desenvolva, así como cos principios da animación infantil.
 - CA2.1. Describíronse os principios, os obxectivos e as modalidades da animación infantil.
 - CA2.2. Identificáronse os tipos de centros que ofrecen actividades de xogo infantil.
 - CA2.3. Analizouse a lexislación, as características, os requisitos mínimos de funcionamento, as funcións e o persoal.
 - CA2.4. Identificáronse as características e as prestacións do servizo ou do equipamento lúdico.
 - CA2.5. Aplicáronse os elementos da programación no deseño do proxecto lúdico.
 - CA2.6. Establecéronse espazos de xogo tendo en conta o tipo de institución, os obxectivos previstos, as características dos cativos e das cativas, os materiais de que se dispoña, o orzamento e o tipo de actividade para realizar neles.
 - CA2.7. Valoráronse as novas tecnoloxías como fonte de información na planificación de proxectos lúdico-recreativos.

- CA2.8. Definíronse os criterios de selección dos materiais e das actividades para realizar, de organización e recollida de materiais, das técnicas de avaliación e dos elementos de seguridade nos lugares de xogos.
- CA2.9. Tívoise en conta a xestión e a organización de recursos humanos e materiais no deseño do proxecto lúdico.
- CA2.10. Adaptouse un proxecto tipo de intervención lúdico-recreativa para un programa, para un centro ou para unha institución concretos.
- CA2.11. Valorouse a importancia de xerar contornos seguros.
- RA3. Deseña actividades lúdicas en relación coas teorías do xogo e co momento evolutivo en que se ache o cativo ou a cativa.
 - CA3.1. Tívoise en conta o momento evolutivo no deseño das actividades lúdicas.
 - CA3.2. Enumeráronse e clasificáronse actividades lúdicas atendendo a criterios como as idades, os espazos, o papel do persoal técnico, o número de participantes, as capacidades que desenvolven, as relacións que se establecen e os materiais necesarios.
 - CA3.3. Tivéronse en conta as características e o nivel de desenvolvemento dos pequenos e das pequenas para a programación de actividades lúdico-recreativas.
 - CA3.4. Compiláronse xogos tradicionais relacionados coa idade.
 - CA3.5. Analizáronse os elementos da planificación de actividades lúdicas.
 - CA3.6. Relacionouse o significado dos xogos máis frecuentes na etapa infantil coas capacidades que desenvolven.
 - CA3.7. Valoráronse as novas tecnoloxías como fonte de información.
 - CA3.8. Valorouse a actitude do persoal profesional con respecto ao tipo de intervención.
- RA4. Selecciona xoguetes para actividades lúdicas e relaciona as súas características coas etapas do desenvolvemento infantil.
 - CA4.1. Analizáronse tipos de xoguetes, as súas características, a súa función e as capacidades que contribúen a desenvolver o proceso evolutivo dos nenos e das nenas.
 - CA4.2. Valoráronse as novas tecnoloxías como fonte de información.
 - CA4.3. Elaborouse un catálogo de xoguetes infantís acaídos para a idade.
 - CA4.4. Compiláronse xoguetes tradicionais en relación coa idade.
 - CA4.5. Identificáronse xoguetes para espazos pechados e abertos adecuados á idade.
 - CA4.6. Enumeráronse e clasificáronse xoguetes atendendo a criterios de idade, espazo de realización, papel do persoal educador, número de participantes, capacidades que desenvolven, relacións que se establecen e materiais necesarios.
 - CA4.7. Analizouse a necesidade das adaptacións nos recursos lúdicos coa aplicación de axudas técnicas.
 - CA4.8. Establecéronse criterios para a disposición, a utilización e a conservación de materiais lúdicos.
 - CA4.9. Analizouse a lexislación en materia de uso e seguridade de xoguetes.
 - CA4.10. Recoñeceuse a necesidade da adecuación ás condicións de seguridade dos xoguetes infantís.
- RA5. Pon en práctica actividades lúdicas en relación cos obxectivos establecidos e os recursos necesarios.

- CA5.1. Tívoise en conta a adecuación das actividades para os obxectivos establecidos na súa posta en práctica.
- CA5.2. Xustificouse a necesidade de diversidade no desenvolvemento de actividades lúdicas.
- CA5.3. Organizáronse os espazos, os recursos e os materiais tendo en conta as características evolutivas das persoas destinatarias, en función das súas idades e conxunto os obxectivos previstos.
- CA5.4. Estableceuse unha distribución temporal das actividades en función da idade das persoas destinatarias.
- CA5.5. Identificáronse os trastornos máis comúns e as alternativas de intervención.
- CA5.6. Realizáronse xoguetes con materiais adecuados á etapa.
- CA5.7. Realizáronse as actividades lúdico-recreativa axustándose á planificación temporal.
- CA5.8. Valorouse a importancia de xerar contornos seguros.
- RA6. Avalía proxectos e actividades de intervención lúdica, e xustifica as técnicas e os instrumentos de observación seleccionados.
 - CA6.1. Identificáronse as condicións e os métodos necesarios para realizar unha avaliación da actividade lúdica.
 - CA6.2. Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
 - CA6.3. Aplicáronse técnicas e instrumentos de avaliación a distintas situacións lúdicas, tendo en conta criterios de fiabilidade, validez, utilidade e pragmatismo para as persoas usuarias da información.
 - CA6.4. Elixíuse e aplicouse a técnica acaída segundo a finalidade do rexistro.
 - CA6.5. Extraéronse as conclusións e explicáronse as consecuencias derivadas, para o axuste ou para a modificación do proxecto.
 - CA6.6. Valorouse o uso das novas tecnoloxías como fonte de información.
 - CA6.7. Identificáronse as adaptacións requiridas polo xogo nun suposto práctico de observación de actividade lúdica.

1.3.2 Contidos básicos

Determinación do modelo lúdico na intervención educativa

- Xogo e desenvolvemento infantil.
- Xogo e dimensións afectiva, social, cognitiva, sensorial e motora.
- Teorías do xogo: tipos e clases.
- Xogo e aprendizaxe escolar.
- Xogo e integración social: diversidade.
- Modelo lúdico: características.
- Análise das técnicas e dos recursos do modelo lúdico. O cesto dos tesouros e o xogo heurístico.
- Toma de conciencia da importancia do xogo no desenvolvemento infantil.
- Valoración do xogo na intervención educativa.

Planificación de proxectos lúdico-recreativos de intervención na infancia

- Animación como actividade socioeducativa na infancia.
- Obxectivos e modalidades da animación infantil.
- Elementos da planificación de proxectos lúdicos.
- Espazos lúdicos interiores e exteriores. Necesidades infantís.
- Análise dos espazos lúdicos e recreativos das zonas urbanas e rurais.
- Sectores produtivos de oferta lúdica.
- Ludotecas.
- Outros servizos lúdicos: espazos de xogos en grandes almacéns, aeroportos, hoteis, centros hospitalarios, etc.
- Medidas de seguridade nos espazos lúdicos e recreativos.
- Identificación e selección de técnicas e recursos lúdicos.
- Planificación, deseño e organización de recunchos e zonas de xogo interiores e exteriores.
- Adaptacións nos recursos e nas axudas técnicas referidas ao xogo.
- Uso das novas tecnoloxías na planificación de proxectos lúdico-recreativos.

Planificación de actividades lúdicas

- Xustificación do xogo como recurso educativo.
- Proceso de análise de persoas destinatarias.
- Elementos da planificación de actividades lúdicas.
- Materiais e recursos lúdicos utilizados nos xogos escolares e extraescolares.
- Clasificación dos xogos: tipos e finalidade.
- Compilación de xogos tradicionais e actuais da comunidade.
- Selección de xogos para espazos pechados e abertos.
- Influencia dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías nos xogos e nos xoguetes infantís.
- Influencia dos papeis sociais nos xogos.

Determinación de recursos lúdicos

- Funcións do xoguete.
- Clasificación dos xoguetes: criterios
- Creatividade e xoguetes.
- Selección de xoguetes para diversos espazos.
- Disposición, utilización e conservación dos materiais e dos xoguetes.
- Organización dos recursos e dos materiais.
- Adaptacións nos recursos lúdicos coa aplicación de axudas técnicas
- Recurso lúdico: xeración e renovación.

- Influencia dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías nos xoguetes infantís.
- Influencia dos papeis sociais nos xoguetes.
- Lexislación sobre xoguetes: identificación e interpretación de normas de seguridade e calidade.

Posta en práctica de actividades lúdicas

- Actividades lúdicas extraescolares, de lecer e tempo libre, e de animación infantil.
- Aplicación da programación ás actividades lúdicas.
- Materiais lúdicos e xoguetes: elaboración.
- Preparación e desenvolvemento de festas infantís, saídas extraescolares, campamentos, obradoiros, e proxectos lúdicos e recreativos.
- Aspectos organizativos e lexislativos.
- Intervención do persoal profesional da educación infantil no xogo dos nenos e das nenas.
- Análise de estratexias para favorecer situacións lúdicas.
- Promoción de igualdade a partir do xogo.
- Valoración do xogo como recurso para a integración e a convivencia.

Avaliación da actividade lúdica

- Observación no xogo: instrumentos de observación.
- Valoración da importancia da observación do xogo na etapa infantil.
- Identificación dos requisitos para realizar a observación nun contexto lúdico-recreativo.
- Elección e elaboración dos instrumentos de observación segundo o tipo de observación e os aspectos relacionados co xogo en calquera contexto.
- Novas tecnoloxías como fonte de información.
- Predisposición á autoavaliación.

1.3.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de deseño, planificación e posta en práctica intervencións lúdico-recreativas nos ámbitos formal e non formal dirixidas a nenos e nenas de cero a seis anos, recoñecendo a necesidade de avaliar o proceso de intervención para mellorar a calidade do servizo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), f), g), j) e l) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), f), g), i), j) e k) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Determinación do modelo lúdico na intervención educativa.
- Deseño de proxectos lúdicos de intervención.
- Deseño de actividades lúdicas.
- Posta en práctica de actividades lúdicas en que cumpra observar actuacións relativas á aplicación de medidas de prevención de riscos e de seguridade e hixiene.

- Avaliación de proxectos e actividades de intervención lúdica.

1.4 Módulo profesional: expresión e comunicación

- Equivalencia en créditos ECTS: 11
- Código: MP0014
- Duración: 213 horas

1.4.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Planifica estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e a comunicación en relación coas características individuais e do grupo a que se dirixan.
 - CA1.1. Identificáronse as características dos tipos de expresión en función da idade das persoas destinatarias.
 - CA1.2. Analizáronse as teorías sobre a relación entre a linguaxe e o pensamento en cativos e cativas de cero a seis anos.
 - CA1.3. Analizáronse as teorías da adquisición da linguaxe en nenos e nenas de cero a seis anos.
 - CA1.4. Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades e definíronse espazos favorecedores do desenvolvemento da expresión e a comunicación adecuados ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
 - CA1.5. Estableceuse unha distribución temporal das actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e a comunicación para se adaptar ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
 - CA1.6. Fixéronse propostas creativas no deseño de actividades para a expresión e a comunicación infantil.
 - CA1.7. Valorouse a expresión como elemento esencial para a observación do desenvolvemento infantil.
- RA2. Selecciona recursos de expresión e comunicación dirixidos aos nenos e ás nenas, e relaciona as súas características co momento evolutivo das persoas destinatarias.
 - CA2.1. Identificáronse os recursos das formas de expresión e de comunicación dirixidos á poboación infantil.
 - CA2.2. Identificáronse as características do recurso.
 - CA2.3. Xustificáronse as posibilidades didácticas e o valor educativo dos recursos seleccionados en galego e en castelán.
 - CA2.4. Describíronse as normas de seguridade aplicables a cada recurso.
 - CA2.5. Definíronse os criterios salientables que en cada recurso permitan a selección.
 - CA2.6. Relacionouse o momento evolutivo do cativo ou da cativa coas características do recurso seleccionado.
 - CA2.7. Valorouse a importancia de adecuar os recursos ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
 - CA2.8. Valorouse a necesidade da biblioteca infantil como recurso para o desenvolvemento da expresión e da comunicación dos nenos e das nenas de cero a seis anos.
- RA3. Pon en práctica estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión oral en relación cos obxectivos previstos.

- CA3.1. Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.
- CA3.2. Realizáronse as actividades de desenvolvemento da expresión oral axustándose á planificación temporal.
- CA3.3. Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.
- CA3.4. Elaboráronse materiais que potencien a adquisición e o desenvolvemento da expresión oral en cativos e cativas.
- CA3.5. Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais no desenvolvemento da actividade.
- CA3.6. Identificáronse os principais trastornos e as alteracións máis salientables no desenvolvemento da expresión oral.
- CA3.7. Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.
- CA3.8. Valorouse a importancia de respectar a lingua materna dos pequenos e das pequenas.
- CA3.9. Valorouse a coherencia da realización das actividades coa planificación.
- CA3.10. Identificáronse os trastornos máis comúns e as alternativas de intervención.
- RA4. Pon en práctica actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal en relación cos obxectivos previstos e coas estratexias e os recursos apropiados.
 - CA4.1. Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.
 - CA4.2. Realizáronse as actividades axustándose á planificación temporal.
 - CA4.3. Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.
 - CA4.4. Fixéronse propostas creativas no deseño de actividades para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal na infancia.
 - CA4.5. Elaboráronse materiais que potencien a adquisición e o desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical e corporal na infancia.
 - CA4.6. Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais.
 - CA4.7. Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.
 - CA4.8. Valorouse a coherencia entre a realización das actividades e a planificación.
 - CA4.9. Respondeuse ante as continxencias.
 - CA4.10. Xeráronse contornos de intervención seguros.
 - CA4.11. Valoráronse as expresións de aproximación á linguaxe gráfica.
- RA5. Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito da expresión e da comunicación, e argumenta as variables salientables e os instrumentos de avaliación
 - CA5.1. Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
 - CA5.2. Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado ás características individuais e á idade do neno ou da nena.
 - CA5.6. Elaboráronse instrumentos de observación no seguimento da evolución expresiva e comunicativa dos pequenos e das pequenas.
 - CA5.7. Aplicouse o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.
 - CA5.8. Rexistráronse os datos derivados da avaliación no soporte establecido.

- CA5.9. Interpreouse a información recollida do proceso de avaliación.
- CA5.10. Identificáronse as situacións en que cumpra a colaboración doutro persoal profesional.
- CA5.11. Elaborouse a documentación dirixida ás familias e a outro persoal profesional.
- CA5.12. Identificáronse as causas dunha intervención non adecuada.

1.4.2 Contidos básicos

Planificación de estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e da comunicación

- Expresión e comunicación.
- Enfoques teóricos da adquisición da linguaxe
- Pautas para a análise de situacións comunicativas.
- Creatividade infantil nas diferentes linguaxes.
- Bilingüismo e diglosia.
- Desenvolvemento expresivo e comunicativo no cativo ou na cativa.
- Análise das principais alteracións da expresión oral.
- Valoración da importancia da comunicación no desenvolvemento dos pequenos e das pequenas.

Selección de recursos de expresión e comunicación dirixidos aos nenos e ás nenas

- Recursos didácticos e aplicacións características para o desenvolvemento da expresión oral, corporal, lóxico-matemática, plástica, gráfica e musical.
- Organización dos recursos para a expresión e a comunicación na aula.
- Criterios para a selección e a utilización de literatura infantil, recursos audiovisuais e materiais multimedia en galego e en castelán.
- Biblioteca infantil e outros espazos de animación á lectura na educación formal e non formal.
- Utilización e valoración das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) como recurso para o desenvolvemento da expresión e da comunicación infantil.

Posta en práctica de estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión oral

- Observación do desenvolvemento lingüístico dos cativos e das cativas.
- Programas de intervención en situacións de bilingüismo e diglosia.
- Principais estratexias para o desenvolvemento da expresión oral na infancia.
- Elaboración de materiais favorecedores do desenvolvemento da expresión oral.
- A lingua galega como medio de comunicación e expresión na educación infantil.
- Utilización do folclore popular galego como vehículo de expresión oral na infancia.
- Respecto pola lingua materna dos cativos e das cativas.

Posta en práctica de actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal

- Estratexias para o desenvolvemento da expresión a través da creatividade.
- Elaboración de materiais favorecedores do desenvolvemento.
- Valoración dos modos de expresión dos cativos e das cativas.

Avaliación do proceso e do resultado da intervención realizada no ámbito da expresión e da comunicación

- Observación da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal nos nenos e nas nenas.
- Instrumentos de observación da expresión e da comunicación nos cativos e nas cativas: deseño e selección.
- Avaliación de programas de intervención no ámbito da expresión e da comunicación con pequenos e pequenas.
- Valoración da importancia da avaliación como recurso para a mellora da intervención.

1.4.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de organización, intervención, execución e avaliación da intervención.

As funcións de organización, intervención, execución e avaliación da intervención abranguen aspectos como:

- Detección de necesidades.
- Programación.
- Xestión e coordinación da intervención.
- Supervisión da intervención.
- Elaboración de informes.
- Organización da actuación.
- Desenvolvemento da actuación.
- Aplicación de estratexias de intervención.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense no ámbito de atención á infancia dentro do sector de servizos socioeducativos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), f), g) e k) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), f), g) e i) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo estarán relacionadas con:

- Planificación de estratexias e de actividades de expresión e de comunicación.
- Análise de recursos de expresión e de comunicación dirixidos á infancia.
- Realización de actividades dirixidas a favorecer a expresión e a comunicación.
- Avaliación do desenvolvemento da expresión e da comunicación na infancia.

1.5 Módulo profesional: desenvolvemento cognitivo e motor

- Equivalencia en créditos ECTS: 12
- Código: MP0015
- Duración: 213 horas

1.5.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito sensorial, analizando as teorías explicativas e as características específicas do grupo a que vai dirixido.
 - CA1.1. Identificáronse as teorías explicativas do ámbito sensorial.
 - CA1.2. Identificáronse as características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias en función da súa idade.
 - CA1.3. Identificáronse as principais alteracións e os trastornos do desenvolvemento sensorial.
 - CA1.4. Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e organizáronse os espazos adecuados ás características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias en función da súa idade.
 - CA1.5. Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características evolutivas no ámbito sensorial das persoas destinatarias, en función da súa idade.
 - CA1.6. Realizáronse propostas creativas e innovadoras na planificación da intervención.
 - CA1.7. Valorouse a importancia da intervención no ámbito sensorial como medio para favorecer a exploración do contorno por parte do cativo e da cativa.
- RA2. Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito motor en relación coas características individuais e do grupo a que se dirixe.
 - CA2.1. Identificáronse as características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
 - CA2.2. Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e organizáronse os espazos adaptados ás características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
 - CA2.3. Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características motrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
 - CA2.4. Seleccionáronse as axudas técnicas que cumpra empregar.
 - CA2.5. Valorouse a importancia do desenvolvemento motor na adquisición da autonomía persoal.
- RA3. Planifica estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito cognitivo en relación coas teorías do desenvolvemento cognitivo e das características individuais e do grupo a que se dirixe.
 - CA3.1. Identificáronse as teorías explicativas do desenvolvemento cognitivo.

- CA3.2. Identificáronse as características evolutivas no ámbito cognitivo das persoas destinatarias en función das súas idades.
- CA3.3. Identificáronse os principais trastornos e as alteracións no desenvolvemento cognitivo.
- CA3.4. Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e definíronse os espazos acordes ás características evolutivas no ámbito cognitivo dos nenos e das nenas.
- CA3.5. Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características evolutivas dos pequenos e das pequenas.
- CA3.6. Fixéronse propostas creativas e innovadoras.
- RA4. Planifica estratexias, actividades e recursos psicomotores en relación cos principios da educación psicomotriz e as características individuais e do grupo a que se dirixe.
 - CA4.1. Identificáronse os principios da educación psicomotriz.
 - CA4.2. Identificáronse as características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
 - CA4.3. Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades, seleccionáronse recursos e definíronse os espazos acordes ás características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
 - CA4.4. Estableceuse unha distribución temporal das actividades para se adaptaren ás características psicomotrices das persoas destinatarias en función da súa idade.
 - CA4.5. Identificáronse os principios e os ámbitos de actuación da educación psicomotriz.
 - CA4.6. Valorouse a importancia da psicomotricidade na educación infantil.
- RA5. Pon en práctica actividades de intervención no ámbito sensorial, motor, cognitivo e psicomotor en relación cos obxectivos previstos e coas características dos cativos e das cativas.
 - CA5.1. Describíronse as principais dificultades que poidan xurdir na realización das actividades.
 - CA5.2. Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.
 - CA5.3. Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.
 - CA5.4. Realizáronse as actividades consonte a planificación temporal.
 - CA5.5. Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais no desenvolvemento da actividade.
 - CA5.6. Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.
 - CA5.7. Valorouse a coherencia da implantación das actividades coa planificación.
 - CA5.8. Respondeuse ante as continxencias.
 - CA5.9. Xeráronse contornos de intervención seguros.
- RA6. Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito sensorial, motor, cognitivo e psicomotor, argumenta as variables salientables no proceso e xustifica a súa elección.
 - CA6.1. Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
 - CA6.2. Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado para as características individuais e para a idade do neno ou da nena.

- CA6.3. Aplícase o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.
- CA6.4. Rexístráronse no soporte establecido os datos extraídos do proceso de avaliación.
- CA6.5. Interpretouse a información recollida do proceso de avaliación da intervención.
- CA6.6. Identificáronse as situacións en que cumpra a colaboración doutro persoal profesional.
- CA6.7. Identificáronse as causas dunha intervención non adecuada.
- CA6.8. Adecuouse á pauta prevista a actuación e a actitude da persoa profesional.

1.5.2 Contidos básicos

Planificación de estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito sensorial

- Sensacións: clasificación; bases psicolóxicas e fisiolóxicas.
- Percepción.
- Principais teorías explicativas do desenvolvemento sensorial.
- Sentidos: características evolutivas do seu desenvolvemento
- Identificación das principais alteracións no desenvolvemento sensorial.
- Identificación do tratamento educativo das alteracións no desenvolvemento sensorial.
- Obxectivos da educación sensorial.
- Valoración da importancia da exploración no desenvolvemento sensorial.

Planificación de estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito motor

- Factores que determinan o desenvolvemento motor.
- Identificación das bases neurofisiolóxicas do desenvolvemento motor.
- Leis do desenvolvemento.
- Órganos do movemento: actividade muscular.
- Evolución da motricidade na idade infantil.
- Desenvolvemento dos automatismos e da postura corporal nos nenos e nas nenas.
- Identificación das principais alteracións no desenvolvemento motor.
- Identificación do tratamento educativo das alteracións no desenvolvemento motor.
- Utilización de axudas técnicas.
- Obxectivos da educación da motricidade.
- Valoración dos espazos seguros para favorecer a mobilidade dos cativos e das cativas.

Planificación de estratexias, actividades e recursos de intervención no ámbito cognitivo

- Proceso cognitivo: intelixencia, atención e memoria, creatividade, reflexión e razoamento.
- Principais teorías explicativas do desenvolvemento cognitivo: teoría de Piaget.
- Relación entre o desenvolvemento sensomotor e o cognitivo na infancia.

- Principais fitos evolutivos no desenvolvemento cognitivo.
- Principais alteracións do desenvolvemento cognitivo e o seu tratamento educativo.
- Obxectivos da intervención educativa no desenvolvemento cognitivo.
- Valoración do uso das TIC como recurso para o desenvolvemento cognitivo infantil.

Planificación de estratexias, actividades e recursos psicomotores

- Psicomotricidade: características e evolución.
- Valoración da función globalizadora da psicomotricidade e o seu desenvolvemento cognitivo, afectivo e motor.
- Análise e evolución do esquema corporal.
- Análise e evolución da motricidade gráfica.
- Control tónico.
- Control postural.
- Estruturação espazo-temporal.
- Lateralidade.
- Respiración.
- Coordinación psicomotriz.
- Práctica psicomotriz: obxectivos.

Posta en práctica de actividades de intervención nos ámbitos sensorial, motor, cognitivo e psicomotor

- Actividades dirixidas a favorecer o desenvolvemento cognitivo, sensorial, motor e psicomotor.
- Organización do espazo para a realización de actividades favorecedoras do desenvolvemento sensorial, motor, cognitivo e psicomotor.
- Selección de materiais e recursos.
- Respecto polos ritmos evolutivos dos pequenos e das pequenas.
- Creación de situacións afectivas e de confianza.

Avaliación do proceso e do resultado da intervención realizada nos ámbitos sensorial, motor, cognitivo e psicomotor

- Técnicas e instrumentos para a avaliación da intervención e do desenvolvemento sensorial, motor, cognitivo e psicomotor infantil.
- Valoración da avaliación como recurso para a mellora da intervención.

1.5.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de organización da intervención, a propia intervención ou execución e a súa avaliación, así como a coordinación e a mediación.

As funcións anteriormente citadas abranguen aspectos como:

- Detección de necesidades.
- Programación.
- Recollida de información.
- Organización da actuación.
- Desenvolvemento da actuación.
- Aplicación de estratexias de intervención.
- Control, seguimento e avaliación das actividades.
- Elaboración da documentación asociada.
- Derivación a outros servizos.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense no ámbito de atención á infancia dentro do sector de servizos educativos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), f), g) e l) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), f), g), i) e k) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Planificación de estratexias, actividades e recursos para a intervención nos ámbitos sensorial, motor, cognitivo e psicomotor.
- Posta en práctica de actividades de intervención nos ámbitos cognitivo, sensorial, motor e psicomotor.
- Avaliación do proceso da intervención realizada nos ámbitos cognitivo, sensorial, motor e psicomotor, así como dos avances que se produzan nos cativos e nas cativas nestes ámbitos despois da intervención.

1.6 Módulo profesional: desenvolvemento socioafectivo

- Equivalencia en créditos ECTS: 8
- Código: MP0016
- Duración: 123 horas

1.6.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento afectivo dos cativos e das cativas analizando as teorías explicativas e as características individuais e do grupo a que se dirixan.
 - CA1.1. Identificáronse as concepcións teóricas acerca do desenvolvemento afectivo dos nenos e das nenas.
 - CA1.2. Describíronse as principais características da afectividade infantil, así como a súa evolución e os trastornos máis frecuentes.
 - CA1.3. Valorouse a importancia do apego no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
 - CA1.4. Identificáronse e consideráronse as variables relevantes para o deseño da intervención.
 - CA1.5. Formuláronse obxectivos pertinentes ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
 - CA1.6. Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e as características dos pequenos e das pequenas.
 - CA1.7. Describíronse estratexias axeitadas para organizar o período de adaptación.
 - CA1.8. Propuxéronse actividades favorecedoras do desenvolvemento da identidade persoal e dunha autoimaxe positiva.
 - CA1.9. Valorouse a importancia das persoas adultas e dos proxenitores na construción dunha identidade persoal axustada.
 - CA1.10. Valorouse a importancia da afectividade no desenvolvemento integral do suxeito.
- RA2. Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento social dos pequenos e das pequenas en relación cos factores influentes e as características individuais e do grupo a que se dirixan.
 - CA2.1. Identificáronse as teorías acerca do desenvolvemento social dos cativos e das cativas.
 - CA2.2. Identificáronse e describíronse as funcións dos axentes sociais que interveñen no desenvolvemento social.
 - CA2.3. Describíronse as principais pautas evolutivas no desenvolvemento social: afectividade, evolución, apego e trastornos.
 - CA2.4. Identificáronse e consideráronse as variables sociais salientables para o deseño da intervención.
 - CA2.5. Formuláronse obxectivos acordes ás características evolutivas dos nenos e das nenas no ámbito social.

- CA2.6. Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e coas características dos cativos e das cativas.
- CA2.7. Propuxéronse actividades e estratexias para o desenvolvemento de habilidades sociais nos cativos e nas cativas.
- CA2.8. Propuxéronse actividades favorecedoras da observación e da exploración do contorno social.
- CA2.9. Valorouse o papel da escola na socialización dos nenos e das nenas.
- RA3. Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento en valores dos cativos e das cativas, en relación coas teorías explicativas e as características individuais e do grupo a que se dirixan.
 - CA3.1. Identificáronse as concepcións teóricas acerca do desenvolvemento en valores dos pequenos e das pequenas.
 - CA3.2. Describíronse as características e a evolución da moralidade infantil.
 - CA3.3. Identificáronse e consideráronse as variables sociais salientables para o deseño da intervención.
 - CA3.4. Formuláronse obxectivos acordes ás características evolutivas dos pequenos e das pequenas.
 - CA3.5. Propuxéronse actividades, recursos e estratexias coherentes cos obxectivos e coas características evolutivas dos cativos e das cativas.
 - CA3.6. Propuxéronse programas e actividades de educación en valores favorecedoras do desenvolvemento integral.
 - CA3.7. Valorouse a actitude das persoas adultas na interiorización de valores e normas nos nenos e nas nenas de cero a seis anos.
- RA4. Planifica intervencións para favorecer o desenvolvemento sexual dos cativos e das cativas, analizando as características evolutivas da sexualidade infantil e a influencia dos estereotipos sociais.
 - CA4.1. Identificáronse as concepcións acerca do desenvolvemento sexual dos cativos e das cativas.
 - CA4.2. Identificáronse e describíronse os factores que inflúen na adquisición da identidade sexual.
 - CA4.3. Describíronse as principais características da sexualidade infantil.
 - CA4.4. Valorouse o papel dos estereotipos na construción da identidade sexual e formuláronse obxectivos adecuados ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
 - CA4.5. Propuxéronse actividades, recursos e estratexias favorecedoras do desenvolvemento dunha identidade sexual.
 - CA4.6. Identificáronse e describíronse os elementos contextuais, persoais e organizativos que favorezan ou dificulten unha práctica pedagóxica non sexista.
 - CA4.7. Establecéronse estratexias e mecanismos para a detección de elementos que dificultan a igualdade dos sexos.
 - CA4.8. Describíronse programas, actividades e estratexias de actuación promotoras de igualdade.
 - CA4.9. Seleccionáronse recursos didácticos non sexistas para a intervención.
 - CA4.10. Valorouse a necesidade de analizar as propias actitudes e os comportamentos relacionados coa igualdade de sexos.

- RA5. Programa estratexias de intervención nos trastornos habituais de conduta e os conflitos nas relacións infantís, e analiza as teorías e as técnicas propostas.
 - CA5.1. Describíronse as principais teorías e técnicas de intervención ante os trastornos habituais de conduta.
 - CA5.2. Identificáronse os trastornos de conduta e os conflitos nas relacións interpersoais máis frecuentes na infancia.
 - CA5.3. Establecéronse e describíronse as fases do programa de intervención.
 - CA5.4. Valorouse a importancia do diagnóstico na programación da intervención.
 - CA5.5. Establecéronse as estratexias e os instrumentos para identificar as causas dos trastornos de conduta ou de relación.
 - CA5.6. Identificáronse as técnicas de intervención máis acaídas para cada situación.
 - CA5.7. Describíronse estratexias de mediación que propicien o consenso na infancia.
 - CA5.8. Describíronse os instrumentos máis adecuados para o seguimento da intervención.
 - CA5.9. Describíronse as pautas de actuación correcta por parte do educador ou da educadora ante os problemas de conduta e os conflitos nas relacións infantís.
 - CA5.10. Valoráronse as limitacións dos pequenos e das pequenas para modular e controlaren a conduta.

- RA6. Pon en práctica programas e actividades de intervención no ámbito socioafectivo en relación cos obxectivos, as estratexias metodolóxicas e o papel do educador ou da educadora.
 - CA6.1. Describíronse as actitudes e o papel que debe desempeñar o educador ou a educadora para favorecer o desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas.
 - CA6.2. Identificáronse estilos de relación favorecedores da creación dunha identidade positiva.
 - CA6.3. Identificáronse as actitudes e as habilidades sociais necesarias para se relacionar axeitadamente cos nenos e as nenas.
 - CA6.4. Potenciouse a expresión e a identificación de emocións por parte dos cativos e das cativas.
 - CA6.5. Organizáronse os espazos atendendo ás necesidades socioafectivas dos pequenos e das pequenas.
 - CA6.6. Dispuxéronse os recursos e os agrupamentos de xeito que se propicie a interacción libre dos nenos e das nenas.
 - CA6.7. Respondeuse adecuadamente ante as continxencias relativas ao ámbito socioafectivo.
 - CA6.8. Analizouse e valorouse o papel da persoa educadora na creación dun clima de afecto e confianza.
 - CA6.9. Respectouse o principio de igualdade dos sexos no desenvolvemento da intervención.
 - CA6.10. Aplicáronse estratexias que favorezan o desempeño de papeis variados que non reproduzan unha asignación sexista.

- RA7. Avalía a intervención realizada no ámbito socioafectivo e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.
 - CA7.1. Identificáronse os indicadores de avaliación máis pertinentes no ámbito socioafectivo.

- CA7.2. Deseñáronse ou seleccionáronse instrumentos axeitados para obter información sobre a situación socioafectiva do cativo ou da cativa.
- CA7.3. Xustificouse a importancia da avaliación inicial.
- CA7.4. Rexistráronse no soporte establecido os datos extraídos do proceso de avaliación.
- CA7.5. Valorouse a importancia da obxectividade na obtención e no rexistro da información.
- CA7.6. Interpretouse correctamente a información recollida dos procesos de avaliación.
- CA7.7. Identificáronse as situacións que requiran a participación doutro persoal profesional e as pautas de actuación.
- CA7.8. Elaboráronse informes coherentes coa información para transmitir e coa persoa que a vaia recibir.
- CA7.9. Identificáronse as causas dunha intervención non adecuada.
- CA7.10. Valorouse a importancia da avaliación para corrixir as desviacións e mellorar a intervención.

1.6.2 Contidos básicos

Planificación da intervención no desenvolvemento afectivo

- Importancia dos procesos socioafectivos no desenvolvemento da personalidade infantil.
- Concepcións sobre o desenvolvemento infantil: teorías explicativas.
- Principais características da afectividade infantil. Estados afectivos: emocións e sentimentos.
- Análise das características e da evolución da afectividade infantil.
- Primeiras manifestacións afectivas: sorriso, estadio do espello e angustia de separación. Formación do apego.
- Identificación dos principais conflitos relacionados coa afectividade infantil.
- Valoración do papel da escola e da persoa educadora no desenvolvemento afectivo.
- Planificación do período de adaptación, tendo en conta o desenvolvemento afectivo dos nenos e das nenas.
- Deseño de estratexias educativas que favorezan o desenvolvemento afectivo.

Planificación da intervención no desenvolvemento social

- Teorías explicativas.
- Socialización: proceso e axentes.
- Análise da evolución da sociabilidade na infancia.
- Identificación dos principais conflitos relacionados co desenvolvemento social.
- Valoración do papel da escola das persoas educadoras no desenvolvemento social.
- Deseño de actividades e estratexias para o desenvolvemento social.
- Valoración da importancia da educación incidental.

Planificación da intervención no desenvolvemento en valores

- Desenvolvemento moral: teorías explicativas.
- Análise das características e da evolución da moralidade infantil.
- Valor das regras e das normas no desenvolvemento da moralidade infantil.
- Deseño de programas, actividades e estratexias para a educación en valores.
- Valoración da importancia dunha formación adecuada do xuízo moral.

Planificación da intervención no desenvolvemento sexual

- Desenvolvemento sexual: teorías explicativas.
- Diferenzas entre sexualidade infantil e adulta.
- Análise do desenvolvemento sexual na infancia. Curiosidade sexual. Estereotipos sexuais.
- Identificación dos principais conflitos relacionados co desenvolvemento sexual.
- Deseño de programas, actividades e estratexias para a educación sexual e a promoción da igualdade.
- Coeducación: obxectivos. Actitude do persoal educador.
- Normativa legal en materia de igualdade de sexos.
- Valoración da influencia dos estereotipos no desenvolvemento sexual.

Programación de estratexias nos trastornos de conduta e nos conflitos máis frecuentes

- Identificación dos principais problemas de conduta na infancia e das súas causas.
- Análise das técnicas e dos instrumentos para a avaliación e o seguimento dos problemas de conduta habituais na infancia.
- Deseño de programas e estratexias para a intervención en problemas habituais de conduta.
- Análise de estratexias para a prevención e a resolución pacífica dos conflitos na aula.
- Valoración do conflito como medio para a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades interpersoais nos cativos e nas cativas, e como xeito de expresión do malestar psíquico.

Posta en práctica de intervencións no ámbito socioafectivo

- Papel do persoal educador no desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas.
- Relación da persoa educadora cos cativos e as cativas.
- Análise de estratexias para favorecer un clima de afecto e confianza.
- Identificación das actitudes e das habilidades sociais que debe posuír o persoal educador na súa relación cos nenos e coas nenas.
- Toma de conciencia do papel da persoa educadora como modelo de imitación e moldeamento da conduta.

Avaliación da intervención no ámbito socioafectivo

- Avaliación no ámbito socioafectivo.
- Análise das variables persoais e contextuais salientables para a avaliación no ámbito socioafectivo.
- Elaboración de instrumentos para a recollida de información sobre o desenvolvemento afectivo, social, moral e sexual dos pequenos e das pequenas.
- Elaboración de instrumentos para a avaliación da intervención.
- Elaboración de informes de avaliación.
- Valoración da importancia da avaliación no contexto da intervención no ámbito socioafectivo.

1.6.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de organización, intervención ou execución, e avaliación de intervencións educativas dirixidas a favorecer o desenvolvemento emocional, social, moral e sexual dos cativos e das cativas de cero a seis anos.

A función de organización abrangue aspectos como a detección de necesidades e a elaboración da programación, especificando todos os seus elementos.

A función de intervención ou execución abrangue a recollida de información dos cativos e das cativas, a organización da actuación e a previsión de contingencias, o establecemento, de ser o caso, de axudas técnicas, o desenvolvemento da actuación propiamente dita, a aplicación das estratexias de intervención establecidas na programación, e a elaboración e formalización da documentación asociada ao proceso.

Finalmente, a función de avaliación refírese ao control e ao seguimento das actividades.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense tanto no ámbito da educación formal e non formal como no dos servizos sociais dirixidos a menores en situación de risco ou exclusión social.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), f), g) e l) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), g) e j) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Deseño de programas e actividades partindo do coñecemento teórico do desenvolvemento socioafectivo dos cativos e das cativas e, de ser o caso, das directrices establecidas nunha programación previa.
- Selección e posta en práctica de estratexias metodolóxicas que permitan a creación dun clima de seguridade afectiva para os nenos e as nenas, e que favorezan o establecemento de relacións interpersoais con iguais e persoas adultas, así como o coñecemento do contorno familiar, escolar e social.
- Análise crítica das propias actitudes en relación á igualdade entre os sexos.
- Traballo en equipo.
- Avaliación do traballo realizado.

1.7 Módulo profesional: habilidades sociais

- Equivalencia en créditos ECTS: 6
- Código: MP0017
- Duración: 123 horas

1.7.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Pon en práctica estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu contorno en relación cos principios da intelixencia emocional e social.
 - CA1.1. Describíronse os principios da intelixencia emocional e social.
 - CA1.2. Valorouse a importancia das habilidades sociais no desempeño do labor profesional.
 - CA1.3. Caracterizáronse as etapas dun proceso comunicativo.
 - CA1.4. Identificáronse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.
 - CA1.5. Valorouse a importancia do uso da comunicación verbal e non verbal nas relacións interpersoais.
 - CA1.6. Estableceuse unha eficaz comunicación para asignar tarefas, recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.
 - CA1.7. Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación e atendendo á diversidade cultural.
 - CA1.8. Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos persoais diferenciadores: emocións, sentimentos e personalidade.
 - CA1.9. Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e cara á aprendizaxe a partir de todo o que sucede.
 - CA1.10. Valorouse a importancia da autocrítica e da autoavaliación no desenvolvemento de habilidades de relación interpersoal e de comunicación axeitadas.
- RA2. Dinamiza o traballo do grupo aplicando as técnicas adecuadas, e xustifica a súa selección en función das características, a situación e os obxectivos do grupo.
 - CA2.1. Describíronse os elementos fundamentais dun grupo, a súa estrutura, a súa dinámica e os factores que os poidan modificar.
 - CA2.2. Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
 - CA2.3. Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.
 - CA2.4. Diferenciáronse os papeis que se poden dar nun grupo e as relacións entre eles.
 - CA2.5. Identificáronse as principais barreiras da comunicación grupal.
 - CA2.6. Formuláronse estratexias de actuación para aproveitar a función de liderado e os papeis na estrutura e no funcionamento do grupo.
 - CA2.7. Definiuse o reparto de tarefas como procedemento para o traballo en grupo.
 - CA2.8. Valorouse a importancia dunha actitude tolerante e de empatía para conseguir a confianza do grupo.
 - CA2.9. Logrouse un ambiente de traballo relaxado e cooperativo.

- CA2.10. Respectáronse as opinións diferentes da propia e os acordos de grupo.
- RA3. Conduce reunións e analiza os xeitos ou estilos de intervención e de organización en función das características das persoas destinatarias e do contexto.
 - CA3.1. Describíronse os tipos de reunión e as funcións.
 - CA3.2. Describíronse as etapas do desenvolvemento dunha reunión.
 - CA3.3. Aplicáronse as técnicas de moderación de reunións e xustificouse a súa aplicación.
 - CA3.4. Demostrouse a importancia da capacidade de expor ideas de xeito claro e conciso.
 - CA3.5. Describíronse os factores de risco e a posibilidade de sabotaxe dunha reunión, e xustificáronse as estratexias de resolución.
 - CA3.6. Valorouse a necesidade dunha información boa e diversa na convocatoria de reunións.
 - CA3.7. Describiuse a importancia da motivación e das estratexias empregadas, para conseguir a participación nas reunións.
 - CA3.8. Aplicáronse técnicas de recollida de información e de avaliación dos resultados dunha reunión.
 - CA3.9. Demostráronse actitudes de respecto e tolerancia na condución de reunións.
- RA4. Pon en práctica estratexias de xestión de conflitos e resolución de problemas seleccionadas entre os modelos analizados en función das características do contexto.
 - CA4.1. Analizáronse e identificáronse as principais fontes de problemas e de conflitos grupais.
 - CA4.2. Describíronse as principais técnicas e estratexias para a xestión de conflitos.
 - CA4.3. Identificáronse e describíronse as estratexias máis axeitadas para a procura de solucións e a resolución de problemas.
 - CA4.4. Describíronse as fases do proceso de toma de decisións.
 - CA4.5. Resolvéronse problemas e conflitos aplicando os procedementos adecuados a cada caso.
 - CA4.6. Respectáronse as opinións das demais persoas respecto ás vías de solución de problemas e conflitos.
 - CA4.7. Aplicáronse correctamente técnicas de mediación e negociación.
 - CA4.8. Tivéronse en conta as persoas usuarias, independentemente da súa idade e da súa condición física e mental, no proceso de toma de decisións.
 - CA4.9. Planificouse a tarefa de toma de decisións e a avaliación do proceso.
 - CA4.10. Valorouse a importancia do intercambio comunicativo na toma de decisións.
- RA5. Avalía os procesos de grupo e a propia competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e identifica os aspectos susceptibles de mellora.
 - CA5.1. Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
 - CA5.2. Aplicáronse técnicas sociométricas e de investigación social.
 - CA5.3. Autoavaliouse a situación persoal e social de partida.
 - CA5.4. Deseñáronse instrumentos de recollida de información.
 - CA5.5. Rexistráronse os datos en soportes establecidos.
 - CA5.6. Interpretáronse os datos recollidos.
 - CA5.7. Identificáronse as situacións que cumpra mellorar.

- CA5.8. Marcáronse as pautas de mellora.
- CA5.9. Realizouse unha avaliación derradeira do proceso traballado.

1.7.2 Contidos básicos

Posta en práctica de estratexias e técnicas que favorezan a relación social e a comunicación

- Relacións interpersoais e percepción social.
- Análise dos factores que inflúen na percepción social e na formación de impresións. Estereotipos, prexuízos e discriminación.
- Habilidades sociais, competencia social e conceptos afíns.
- Análise da relación entre comunicación e calidade de vida nos ámbitos de intervención.
- Proceso de comunicación. Comunicación verbal e non verbal.
- Valoración comunicativa do contexto: facilitadores e obstáculos na comunicación.
- Valoración da importancia das actitudes na relación de axuda.
- Intelixencia emocional. Educación emocional. Emocións e sentimentos.
- Mecanismos de defensa.
- Programas e técnicas de comunicación e habilidades sociais. Escoita activa, empatía, asertividade e autocontrol.
- Intervencións en público: materiais de apoio.

Dinamización do traballo en grupo

- Tipoloxía e características dos grupos. Desenvolvemento grupal.
- Análise da estrutura e dos procesos de grupos.
- Técnicas para a análise de grupos.
- Valoración da importancia da comunicación no desenvolvemento do grupo.
- Comunicación nos grupos. Estilos de comunicación. Comunicación verbal e xestual. Outras linguaxes: icónica e audiovisual. Tecnoloxías da información e da comunicación. Obstáculos e barreiras. Cooperación e competencia nos grupos.
- Dinámicas de grupo. Fundamentos psicociolóxicos aplicados ás dinámicas de grupo.
- Equipo de traballo. Estratexias de traballo cooperativo. Organización e reparto de tarefas.
- Detección e análise de problemas no traballo en equipo.
- Traballo individual e traballo en grupo.
- A confianza no grupo.
- Valoración do papel da motivación na dinámica grupal.
- Toma de conciencia acerca da importancia de respectar as opinións non coincidentes coa propia.

Condución de reunións

- A reunión como forma de traballo en grupo.
- Tipos de reunións e funcións.
- Etapas no desenvolvemento dunha reunión: preparación, inicio, desenvolvemento e finalización.
- Técnicas de moderación de reunións.
- Identificación da tipoloxía das persoas participantes nunha reunión.
- Análise de factores que afectan ao comportamento dun grupo: boicot e colaboración.

Posta en práctica de estratexias de xestión de conflitos e toma de decisións

- Valoración do conflito nas dinámicas grupais.
- Análise de técnicas de resolución de problemas.
- Proceso de toma de decisións.
- Xestión de conflitos grupais. Negociación e mediación.
- Aplicación das estratexias de resolución de conflitos grupais.
- Valoración do papel do respecto e a tolerancia na resolución de problemas e conflitos.

Avaliación da competencia social e procesos de grupo

- Recollida de datos: técnicas.
- Avaliación da competencia social.
- Avaliación da estrutura e dos procesos grupais.
- Aplicación das técnicas de investigación social ao traballo con grupos.
- Análise de estratexias e instrumentos para o estudo de grupos.
- Sociometría básica.
- Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.

1.7.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado adquirira as habilidades sociais necesarias para desenvolver unha profesión de axuda e interactuar adecuadamente nas súas relacións profesionais con outras persoas, adaptando o seu comportamento ás características destas e ao contexto.

Trátase dun módulo nomeadamente procedemental e actitudinal, en que se dá resposta ás funcións de intervención ou execución, e de avaliación da competencia social do persoal profesional, tanto no relativo ás relacións interpersoais como para a dinamización de grupos ou a participación neles desempeñando diversos papeis. Así mesmo, pretende dar resposta á función de xestión de conflitos.

A función de intervención ou execución abrangue a recollida de información acerca das habilidades sociais que se posúen e das que se carece, a organización da actuación e a previsión de continxencias, o establecemento, de ser o caso, de axudas técnicas para a comunicación, e a posta en práctica das habilidades sociais adquiridas.

Pola súa banda, a función de avaliación refírese ao control e o seguimento da propia

evolución na adquisición da competencia social necesaria para se relacionar axeitadamente coas demais persoas no desempeño das súas funcións.

Finalmente, a función de xestión de conflitos fai referencia á posta en marcha de todos os mecanismos dispoñibles para a súa solución e supón mediación e negociación.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais d), e), f), g), i), j), k) e n) do ciclo formativo, e as competencias d), e), g), h), j) e o) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Selección e posta en práctica de estratexias que permitan o establecemento de relacións de comunicación e interpersoais adecuadas.
- Dinamización e condución de grupos, xestión eficaz dos conflitos e toma de decisións.
- Traballo en equipo: pequeno e gran grupo.
- Reflexión sobre as actitudes profesionais.
- Avaliación da competencia social profesional.

1.8 Módulo profesional: intervención con familias e atención a menores en risco social

- Equivalencia en créditos ECTS: 6
- Código: MP0018
- Duración: 123 horas

1.8.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Planifica programas e actividades de intervención socioeducativa dirixidos a cativos e cativas en acollemento en centros de menores, analizando o modelo de atención á infancia da institución e a normativa legal vixente.
 - CA1.1. Identificáronse as diferenzas entre os tipos de modelos de atención á infancia na Unión Europea.
 - CA1.2. Identificáronse e describíronse as características máis salientables da rede de servizos sociais de atención á infancia.
 - CA1.3. Analizouse a lexislación en relación aos servizos de atención á infancia.
 - CA1.4. Describiuse a estrutura organizativa e funcional dos centros de atención á infancia.
 - CA1.5. Identificáronse os documentos que regulan a intervención socioeducativa nos centros de menores.
 - CA1.6. Formuláronse obxectivos acordes coas características dos nenos e das nenas, e do modelo socioeducativo do centro.
 - CA1.7. Propuxéronse actividades, recursos e estratexias de intervención adecuadas.
 - CA1.8. Prevíronse os espazos e os tempos necesarios.
 - CA1.9. Establecéronse as canles e os mecanismos de coordinación e intercambio de información con outro persoal profesional implicadas no proceso.
 - CA1.10. Valorouse a importancia do traballo en equipo no éxito da intervención.
- RA2. Planifica programas e actividades de intervención con familias e xustifica o papel desa intervención na educación e no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
 - CA2.1. Identificouse e describiuse a influencia das pautas de crianza na familia no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
 - CA2.2. Describíronse programas de axuda e intervención con familias desde os ámbitos educativo e social.
 - CA2.3. Propuxéronse estratexias, actividades e recursos para favorecer a participación da familia e, de ser o caso, mellorar a súa competencia educativa.
 - CA2.4. Identificáronse os criterios educativos, os aspectos formais e as actitudes que se deben ter en conta en relación á colaboración coas familias.
 - CA2.5. Valorouse a importancia da colaboración entre familia e institución nos primeiros anos.
 - CA2.6. Describíronse os problemas e os indicadores asociados ás familias en situación de risco social.

- CA2.7. Identificáronse os indicadores e os requisitos que sinalan a existencia de maltrato.
- CA2.8. Concretáronse os protocolos de actuación tras a detección de situacións de risco ou maltrato na familia.
- CA2.9. Valorouse o papel da persoa educadora na detección e na comunicación das situacións de risco e maltrato infantil.
- CA2.10. Valorouse a necesidade de manter unha actitude respectuosa cara á diversidade de situacións familiares.
- RA3. Pon en práctica actividades socioeducativas dirixidas a nenos e nenas en situación de risco ou en acollemento en centros de menores, en relación cos obxectivos e coas estratexias metodolóxicas da intervención.
 - CA3.1. Empregáronse técnicas e instrumentos para a obtención de información.
 - CA3.2. Identificáronse as características e as necesidades do grupo, así como o contexto asignado.
 - CA3.3. Organizáronse os espazos e os recursos materiais e humanos.
 - CA3.4. Aplicáronse estratexias metodolóxicas.
 - CA3.5. Valorouse a necesidade de xerar un clima familiar, de seguridade afectiva e de confianza.
 - CA3.6. Favoreceuse a conciliación das rutinas do centro cos ritmos individuais.
 - CA3.7. Resolvéronse as situacións de urxencia e os imprevistos.
 - CA3.8. Adoptáronse medidas de prevención e seguridade.
 - CA3.9. Adoptáronse actitudes de escoita das propostas dos pequenos e das pequenas, e permitíuselles participar nas decisións que lles afecten.
 - CA3.10. Xustificouse a necesidade do traballo en equipo e da colaboración con outro persoal profesional.
- RA4. Pon en práctica actividades e estratexias que favorezan a colaboración da familia no proceso socioeducativo dos pequenos e das pequenas en relación coas súas características, coas súas necesidades e cos obxectivos da intervención.
 - CA4.1. Identificáronse as canles de participación das familias na institución.
 - CA4.2. Identificáronse as canles de participación das familias acolledoras e/ou adoptivas na institución.
 - CA4.3. Identificáronse as necesidades educativas e de participación da familia.
 - CA4.4. Preparáronse guións para reunións e entrevistas coas familias.
 - CA4.5. Realizáronse reunións e entrevistas seguindo obxectivos e guións establecidos.
 - CA4.6. Mantívose unha actitude receptiva das iniciativas e das propostas de participación das familias.
 - CA4.7. Organizáronse os recursos, os espazos e os tempos consonte os obxectivos da actividade.
 - CA4.8. Respondeuse ante situacións imprevistas.
 - CA4.9. Mantívose unha actitude positiva na relación coas familias.
 - CA4.10. Valorouse a importancia das habilidades sociais da persoa educadora nas relacións coa familia.
 - CA4.11. Adaptouse a comunicación ás características das familias.

- RA5. Avalía o proceso e o resultado das intervencións socioeducativas cos cativos e as cativas en acollemento en centros de menores en relación coa avaliación das variables salientables e os protocolos establecidos na institución.
 - CA5.1. Deseñáronse ou seleccionáronse instrumentos axeitados para obter información dos cativos e das cativas.
 - CA5.2. Establecéronse as estratexias, as técnicas e os instrumentos de seguimento e avaliación da intervención.
 - CA5.3. Aplicáronse os instrumentos de avaliación seguindo o procedemento correcto.
 - CA5.4. Interpreouse correctamente a información obtida.
 - CA5.5. Identificáronse os aspectos que cumpra modificar na intervención.
 - CA5.6. Propuxéronse as medidas necesarias para mellorar a intervención.
 - CA5.7. Déuselles información aos membros do equipo seguindo os protocolos establecidos.
 - CA5.8. Identificáronse situacións que requiran a participación doutro persoal profesional, así como as pautas de actuación.
 - CA5.9. Déuselles información ás familias acerca do progreso do neno ou da nena, de xeito individualizado e comprensible.
 - CA5.10. Valorouse a importancia de salientar os aspectos positivos da evolución do cativo ou da cativa na información facilitada á familia.
- RA6. Avalía o proceso e o resultado das intervencións con familias, identifica as variables salientables no proceso e xustifica a súa elección.
 - CA6.1. Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
 - CA6.2. Deseñáronse o seleccionáronse instrumentos adecuados para obter información sobre a situación familiar, as necesidades educativas da familia, as posibilidades e os desexos familiares de participación.
 - CA6.3. Aplicáronse correctamente os instrumentos de avaliación.
 - CA6.4. Recolléronse e interpretáronse correctamente os datos.
 - CA6.5. Identificáronse as desviacións respecto ao previsto na intervención.
 - CA6.6. Propuxéronse medidas de corrección en situacións problemáticas.
 - CA6.7. Valorouse a necesidade da participación da familia na avaliación da intervención.
 - CA6.8. Valorouse a importancia de manter unha actitude permanente de mellora na eficacia e na calidade do servizo.

1.8.2 Contidos básicos

Planificación de programas e actividades de intervención socioeducativa con menores

- Infancia.
- Lexislación sobre a infancia: dereitos e protección.
- Organismos internacionais relacionados coa infancia.
- Protección a menores: aspectos xurídicos. Adopción e acollemento familiar
- Recursos de intervención. Tipoloxía de centros: residencias, centros con fogares, pisos tutelados, fogares de día, etc.

- Valoración dos programas e os servizos de atención á infancia como resposta á diversidade de situacións familiares. Documentos da intervención.
- Programas de carácter asistencial e de apoio a menores en situación de risco.
- Toma de conciencia acerca da influencia do concepto de infancia na definición dos modelos de intervención.

Planificación de programas e actividades de intervención con familias

- Familia: evolución.
- Identificación das situacións de risco social en familias. Prevención.
- Maltrato infantil: concepto, tipoloxía e indicadores.
- Valoración do papel da persoa educadora na detección e na notificación do maltrato infantil.
- Análise dos aspectos legais da intervención con familias.
- Intervención coas familias nos ámbitos educativo e social: identificación das diferenzas na intervención nos dous ámbitos. Servizos e programas.
- Modelos de intervención coas familias nos ámbitos educativo e social.
- Toma de conciencia da importancia da colaboración das familias no proceso socioeducativo de menores.

Posta en práctica de programas e actividades socioeducativas con menores

- Documentos dun centro de menores: proxecto educativo de centro e proxecto educativo individual.
- Análise de estratexias metodolóxicas.
- Distribución dos espazos. Creación dun clima familiar, de seguridade afectiva.
- Ingreso no centro.
- Toma de conciencia da necesidade de coordinación e do traballo en equipo con outro persoal profesional.
- Funcións e tarefas do educador ou a educadora infantil nos servizos sociais de atención á infancia.
- Coordinación co equipo de traballo e con outro persoal profesional.

Posta en práctica de programas, actividades e estratexias de intervención con familias

- Entrevistas: elaboración e realización.
- Organización de reunións coas familias.
- Problemas frecuentes nas relacións coas familias.
- Materiais para o traballo coas familias: modelos.
- Traballo coas familias adoptivas e/ou acolledoras.
- Papel e actitudes do educador ou da educadora infantil na intervención con familias.
- Valoración do papel das actitudes e das habilidades da persoa educadora na realización de entrevistas e reunións.

Avaliación da intervención socioeducativa con menores

- Características da avaliación no ámbito socioeducativo.
- Sistemas de calidade nos servizos sociais de atención á infancia.
- Análise das variables persoais e contextuais salientables para a avaliación.
- Instrumentos para a recollida de información: modelos.
- Instrumentos para a avaliación da intervención socioeducativa: modelos.
- Informes do proceso de avaliación.
- Valoración da importancia da coordinación e do traballo en equipo na avaliación da intervención.

Avaliación da intervención con familias

- Análise das variables persoais e contextuais relevantes para a avaliación.
- Instrumentos para a recollida de información: modelos.
- Instrumentos para a avaliación da intervención: modelos.
- Informes.
- Valoración da importancia da confidencialidade da información na intervención familiar.

1.8.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as seguintes funcións:

- Organización, execución e avaliación de intervencións socioeducativas con menores de cero a seis anos en situación de risco ou en acollemento en centros de menores.
- Organización, execución e avaliación de intervencións dirixidas a favorecer a colaboración das familias no proceso socioeducativo dos cativos e das cativas e, de ser o caso, mellorar as súas pautas educativas e de crianza.

A función de organización abrangue aspectos como a detección de necesidades e a elaboración da programación, especificando todos os seus elementos.

A función de execución inclúe a recollida de información dos cativos e das cativas e as súas familias, a organización da actuación e a previsión de continxencias, o desenvolvemento da actuación propiamente dita, a aplicación das estratexias de intervención establecidas na programación e a elaboración e formalización da documentación asociada ao proceso.

Finalmente, a función de avaliación refírese ao control e ao seguimento das actividades.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólense no sector da educación formal e non formal, así como no dos servizos sociais de atención a menores de cero a seis anos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), f), g), j), k) e l) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), d), e), g), i) e j) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Deseño de programas e de actividades socioeducativas dirixidas a menores en situación de risco ou acollemento partindo do marco teórico dos sistemas e dos servizos

de protección á infancia e das directrices xerais establecidas nunha institución real ou ficticia.

- Deseño de programas e actividades de intervención con familias, partindo de situacións reais ou ficticias, e selección e posta en práctica de estratexias metodolóxicas que favorezan a súa participación e melloren a súa competencia educativa.
- Realización de entrevistas e reunións analizando as habilidades sociais e de relación interpersonal necesarias en cada caso.
- Avaliación das intervencións seguindo procedementos de calidade implantados nas institucións, ou elaborando e seleccionado os instrumentos axeitados.
- Execución de traballos en equipo.
- Aplicación de criterios e indicadores que permitan a mellora da eficacia e da calidade do servizo.
- Avaliación do traballo realizado.

1.9 Módulo profesional: proxecto de atención á infancia

- Equivalencia en créditos ECTS: 5
- Código: MP0019
- Duración: 26 horas

1.9.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.
 - CA1.1. Clasifícanse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.
 - CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.
 - CA1.3. Identificáronse as necesidades máis demandadas ás empresas.
 - CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.
 - CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas.
 - CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.
 - CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.
 - CA1.8. Identificáronse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.
 - CA1.9. Elaborouse o guiión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.
- RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.
 - CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.
 - CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.
 - CA2.3. Identificáronse as fases ou as partes do proxecto, así como o seu contido.
 - CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identificouse o seu alcance.
 - CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.
 - CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.
 - CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.
 - CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.
 - CA2.9. Identificáronse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.
- RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.

- CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.
- CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.
- CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.
- CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.
- CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.
- CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.
- CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.
- CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.
- RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.
 - CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou das intervencións.
 - CA4.2. Defíníronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.
 - CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.
 - CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.
 - CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.
 - CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.
 - CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.
- RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.
 - CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.
 - CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.
 - CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.
 - CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.
 - CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.
 - CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.
 - CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.
 - CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.

- CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.
- CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.

1.9.2 Orientacións pedagóxicas

Este módulo complementa a formación doutros módulos profesionais nas funcións de análise do contexto, deseño e organización da intervención, e planificación da súa avaliación.

A función de análise do contexto abrangue as subfuncións de compilación de información, identificación e establecemento de prioridades de necesidades, e identificación dos aspectos que faciliten ou dificulten o desenvolvemento da intervención.

A función de deseño da intervención ten como obxectivo establecer as liñas xerais desta para dar resposta ás necesidades detectadas, definíndoo en todos os seus aspectos. Inclúe as subfuncións de definición ou adaptación da intervención, establecemento da secuencia e das prioridades das accións, planificación da intervención, determinación de recursos, planificación da avaliación, e deseño de documentación e do plan de atención á clientela.

A función de organización da intervención abrangue as funcións de detección de demandas e necesidades, programación, xestión, coordinación e supervisión da intervención, e elaboración de informes.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense tanto no sector da educación formal e non formal, como no dos servizos sociais de atención a menores de cero a seis anos.

Fomentárase e valorárase a creatividade, o espírito crítico e a capacidade de innovación nos procesos realizados, así como a adaptación da formación recibida en supostos laborais e en novas situacións.

O equipo docente realizará a titoría das seguintes fases de realización do traballo, que se realizarán nomeadamente de xeito non presencial: estudo das necesidades do sector produtivo, deseño, planificación e seguimento da execución do proxecto.

A exposición do informe, que realizará todo o alumnado, é parte esencial do proceso de avaliación e defenderase ante o equipo docente.

Polas súas propias características, a formación do módulo relaciónase con todos os obxectivos xerais do ciclo e con todas as competencias profesionais, persoais e sociais seguintes, bardante no relativo á posta en práctica de diversos aspectos da intervención deseñada.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Execución de traballos en equipo.
- Avaliación do traballo realizado.
- Autonomía e iniciativa.
- Uso das TIC.

1.10 Módulo profesional: primeiros auxilios

- Equivalencia en créditos ECTS: 3
- Código: MP0020
- Duración: 53 horas

1.10.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.
 - CA1.1. Asegurouse a zona segundo o procedemento oportuno.
 - CA1.2. Identificáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas.
 - CA1.3. Describiuse o contido mínimo dunha caixa de urxencias, e as indicacións dos produtos e dos medicamentos.
 - CA1.4. Establecéronse as prioridades de actuación en múltiples vítimas.
 - CA1.5. Describíronse os procedementos para verificar a permeabilidade das vías aéreas.
 - CA1.6. Identificáronse as condicións de funcionamento adecuadas da ventilación e da osixenación.
 - CA1.7. Describíronse e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.
 - CA1.8. Describíronse procedementos para comprobar o nivel de consciencia.
 - CA1.9. Tomáronse as constantes vitais.
 - CA1.10. Identificouse a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).
- RA2. Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.
 - CA2.1. Describíronse os fundamentos da reanimación cardiopulmonar.
 - CA2.2. Aplicáronse técnicas de apertura da vía aérea.
 - CA2.3. Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio e circulatorio.
 - CA2.4. Realizouse desfibrilación externa semiautomática (DEA).
 - CA2.5. Aplicáronse medidas posreanimación.
 - CA2.6. Indicáronse as lesións, as patoloxías o os traumatismos máis frecuentes.
 - CA2.7. Describiuse a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.
 - CA2.8. Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
 - CA2.9. Aplicáronse primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia.
 - CA2.10. Especificáronse casos ou circunstancias en que non se deba intervir.
- RA3. Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.
 - CA3.1. Efectuáronse as manobras necesarias para acceder á vítima.
 - CA3.2. Identificáronse os medios materiais de inmovilización e de mobilización.

- CA3.3. Caracterizáronse as medidas posturais ante unha persoa lesionada.
- CA3.4. Describíronse as repercusións dunha mobilización e dun traslado inadecuados.
- CA3.5. Confeccionáronse sistemas para a inmovilización e a mobilización de persoas doentes ou accidentadas con materiais convencionais e inespecíficos, ou medios de fortuna.
- CA3.6. Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección persoal.
- RA4. Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas.
 - CA4.1. Describíronse as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e coas acompañantes.
 - CA4.2. Detectáronse as necesidades psicolóxicas da persoa accidentada.
 - CA4.3. Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.
 - CA4.4. Valorouse a importancia de lle infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación.
 - CA4.5. Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade nas situacións de accidente, emerxencia e dó.
 - CA4.6. Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade, angustia ou agresividade.
 - CA4.7. Especificáronse as técnicas para superar psicoloxicamente o fracaso na prestación do auxilio.
 - CA4.8. Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés.

1.10.2 Contidos básicos

Valoración inicial da asistencia en urxencia

- Sistemas de emerxencias.
- Obxectivos e límites dos primeiros auxilios.
- Marco legal, responsabilidade e ética profesional.
- Tipos de accidentes e as súas consecuencias.
- Signos de compromiso vital en persoas adultas, en nenos e nenas, e en lactantes.
- Métodos e materiais de protección da zona.
- Medidas de autoprotección.
- Caixa de primeiros auxilios.
- Prioridades de actuación en múltiples vítimas. Métodos de triaxe simple.
- Signos e síntomas de urxencia.
- Valoración do nivel de consciencia.
- Toma de constantes vitais.
- Protocolos de exploración.
- Terminoloxía médico-sanitaria en primeiros auxilios.
- Protocolo de transmisión da información.

Aplicación de técnicas de soporte vital

- Control da permeabilidade das vías aéreas.
- Reanimación cardiopulmonar básica.
- Desfibrilación externa semiautomática (DEA).
- Valoración da persoa accidentada.
- Atención inicial en lesións por axentes físicos (traumatismos, calor ou frío, electricidade e radiacións).
- Atención inicial en lesións por axentes químicos e biolóxicos.
- Atención inicial en patoloxía orgánica de urxencia.
- Actuación limitada ao marco das súas competencias.

Aplicación de procedementos de inmovilización e mobilización

- Avaliación da necesidade de traslado.
- Posicións de seguridade e espera.
- Técnicas de inmovilización.
- Técnicas de mobilización.
- Confección de padiolas e materiais de inmovilización.

Aplicación de técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol

- Estratexias básicas de comunicación.
- Valoración do papel do primeiro interveniente.
- Técnicas facilitadoras da comunicación interpersoal.
- Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.

1.10.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de prevención e seguridade.

Esta función abrangue aspectos como:

- Aplicación de primeiros auxilios.
- Xeración de contornos seguros.

As aprendizaxes realizadas neste módulo son de aplicación nos sectores de servizos educativos, culturais, de lecer e tempo libre, e servizos ás persoas e á comunidade.

A formación do módulo contribúe a alcanzar o obxectivo xeral o) do ciclo formativo, e a competencia f) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Valoración inicial de persoas accidentadas e selección das técnicas oportunas de primeiros auxilios.
- Correcta aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
- Correcta aplicación das técnicas de soporte vital.

- Aplicación de estratexias de comunicación axeitadas para o apoio psicolóxico a persoas accidentadas e familiares.

1.11 Módulo profesional: formación e orientación laboral

- Equivalencia en créditos ECTS: 5
- Código: MP0021
- Duración: 107 horas

1.11.1 Unidade formativa 1: prevención de riscos laborais

- Código: MP0021_12
- Duración: 45 horas

1.11.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.
 - CA1.1. Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
 - CA1.2. Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e a saúde das persoas traballadoras.
 - CA1.3. Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
 - CA1.4. Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
 - CA1.5. Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
 - CA1.6. Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da educación infantil formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.
 - CA1.7. Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
- RA2. Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da educación infantil formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.
 - CA2.1. Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en educación infantil.
 - CA2.2. Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
 - CA2.3. Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en educación infantil.
 - CA2.4. Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en educación infantil.
 - CA2.5. Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

- RA3. Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.
 - CA3.1. Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
 - CA3.2. Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
 - CA3.3. Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
 - CA3.4. Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
 - CA3.5. Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
 - CA3.6. Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
 - CA3.7. Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en educación infantil.
 - CA3.8. Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
- RA4. Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en educación infantil.
 - CA4.1. Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
 - CA4.2. Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
 - CA4.3. Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
 - CA4.4. Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
 - CA4.5. Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
 - CA4.6. Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

1.11.1.2 Contidos básicos

Dereitos e obrigas en seguridade e saúde laboral

- Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
- Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
- Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
- Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
- Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

Avaliación de riscos profesionais

- Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
- Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
- Riscos específicos no sector da educación infantil formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
- Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da educación infantil formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.

Planificación da prevención de riscos na empresa

- Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
- Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
- Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
- Planificación da prevención na empresa.
- Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
- Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
- Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

Aplicación de medidas de prevención e protección na empresa

- Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
- Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
- Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
- Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

1.11.2 Unidade formativa 2: equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego

- Código: MP0021_22
- Duración: 62 horas

1.11.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
 - CA1.1. Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en educación infantil e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
 - CA1.2. Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.

- CA1.3. Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
- CA1.4. Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- CA1.5. Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- CA1.6. Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
- CA1.7. Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
- RA2. Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.
 - CA2.1. Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
 - CA2.2. Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
 - CA2.3. Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
 - CA2.4. Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
 - CA2.5. Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
 - CA2.6. Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en educación infantil.
 - CA2.7. Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
 - CA2.8. Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
 - CA2.9. Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
 - CA2.10. Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
 - CA2.11. Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
 - CA2.12. Identificáronse as características definatorias dos novos contornos de organización do traballo.
- RA3. Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.
 - CA3.1. Valórouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
 - CA3.2. Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.
 - CA3.3. Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
 - CA3.4. Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

- CA3.5. Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
- RA4. Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.
 - CA4.1. Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
 - CA4.2. Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
 - CA4.3. Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
 - CA4.4. Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
 - CA4.5. Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en educación infantil.
 - CA4.6. Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
 - CA4.7. Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en educación infantil.
 - CA4.8. Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
 - CA4.9. Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

1.11.2.2 Contidos básicos

Xestión do conflito e equipos de traballo

- Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
- Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
- Equipos no sector da educación infantil formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia segundo as funcións que desempeñen.
- Dinámicas de grupo.
- Equipos de traballo eficaces e eficientes.
- Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
- Conflito: características, tipos, causas e etapas.
- Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

Contrato de traballo

- Dereito do traballo.
- Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.

- Análise da relación laboral individual.
- Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
- Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en educación infantil.
- Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
- Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
- Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
- Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.
- Representación das persoas traballadoras na empresa.
- Conflitos colectivos.
- Novos contornos de organización do traballo.

Seguridade social, emprego e desemprego

- A Seguridade Social como pilar do estado social.
- Estrutura do sistema de Seguridade Social.
- Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
- Protección por desemprego.
- Prestacións contributivas da Seguridade Social.

Procura activa de emprego

- Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
- Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en educación infantil.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en educación infantil.
- Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en educación infantil.
- Proceso de toma de decisións.
- Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
- Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

1.11.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector da educación infantil.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais h), i), j), k) l), m), n) e o) do ciclo formativo, e as competencias k), l), m) e o) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os ob-

xectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ás empresas do sector e aos centros de educación infantil formal e non formal.
- Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego.
- Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
- Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.
- Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).
- Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
- Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
- Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
- Estudo das condicións de traballo do sector da educación infantil a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector da educación infantil.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

1.12 Módulo profesional: empresa e iniciativa emprendedora

- Equivalencia en créditos ECTS: 4
- Código: MP0022
- Duración: 53 horas

1.12.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.
 - CA1.1. Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
 - CA1.2. Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
 - CA1.3. Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
 - CA1.4. Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da educación infantil formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.
 - CA1.5. Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
 - CA1.6. Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
 - CA1.7. Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da educación infantil formal ou non formal, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
 - CA1.8. Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
- RA2. Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.
 - CA2.1. Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
 - CA2.2. Analízase o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
 - CA2.3. Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
 - CA2.4. Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.

- CA2.5. Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de educación infantil formal e non formal en función da súa posible localización.
- CA2.6. Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
- CA2.7. Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa educación infantil formal e non formal e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
- CA2.8. Identificáronse, en empresas de educación infantil formal e non formal, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
- CA2.9. Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
- CA2.10. Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
- CA2.11. Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de educación infantil formal e non formal, e delimitándose as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
- CA2.12. Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
- RA3. Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.
 - CA3.1. Analizouse o concepto de persoa empresarial, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
 - CA3.2. Analizáronse as formas xurídicas da empresa tendo en conta as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
 - CA3.3. Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de educación infantil formal e non formal.
 - CA3.4. Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
 - CA3.5. Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
 - CA3.6. Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
 - CA3.7. Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
 - CA3.8. Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de educación infantil formal e non formal tendo en conta a súa localización.
 - CA3.9. Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
- RA4. Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.
 - CA4.1. Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

- CA4.2. Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
- CA4.3. Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa educación infantil formal e non formal, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).
- CA4.4. Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de educación infantil formal e non formal, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa.
- CA4.5. Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

1.12.2 Contidos básicos

Iniciativa emprendedora

- Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de educación infantil (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
- A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
- Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
- A actuación das persoas emprendedoras no sector da educación infantil formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.
- O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
- Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
- Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
- Proxecto empresarial: importancia e utilidade, a estrutura e a aplicación no ámbito da educación infantil formal e non formal.

A empresa e o seu contorno

- A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
- Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de educación infantil formal e non formal: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
- Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de educación infantil formal e non formal: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
- Localización da empresa.
- Persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
- Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.

- Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
- Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
- Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

Creación e posta en marcha dunha empresa

- Formas xurídicas das empresas.
- Responsabilidade legal do empresario.
- A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
- Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
- Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
- Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de educación infantil formal e non formal.
- Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

Función administrativa

- Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de educación infantil formal e non formal.
- Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
- Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
- Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
- Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de educación infantil formal e non formal: documentos administrativos e documentos de pagamento.
- Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

1.12.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite alcanzar os obxectivos xerais m) e n) do ciclo formativo e as competencias i), m) e n) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información sobre o sector das empresas de educación infantil formal e non formal, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.

- Realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector produtivo relacionado cos procesos da educación infantil.
- Utilización de programas de xestión administrativa e financeira para pequenas e medianas empresas do sector.

A realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade de educación infantil formal e non formal composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.

- O plan de empresa incluirá os seguintes aspectos: maduración da idea de negocio, localización, organización da produción e dos recursos, a xustificación da súa responsabilidade social, plan de márketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos, e axudas e subvencións.
- O plan financeiro ha incluír o plan de tesouraría, a conta de resultados previsional e o balance previsional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.

É aconsellable que o proxecto empresarial se vaia realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.

O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

1.13 Módulo profesional: formación en centros de trabajo

- Equivalencia en créditos ECTS: 22
- Código: MP0023
- Duración: 384 horas

1.13.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Identifica a estrutura e a organización da empresa en relación co tipo de servizo que presta.
 - CA1.1. Interpretouse a influencia das características do mercado nas actividades da empresa: clientela, provedores, servizos, etc.
 - CA1.2. Interpretáronse valores de parámetros como a produtividade, a calidade de servizo, etc., que permitan relacionar a situación da empresa no contexto produtivo.
 - CA1.3. Identificáronse os procedementos de traballo no desenvolvemento da prestación do servizo.
 - CA1.4. Analizouse a prestación do servizo e determináronse os seus aspectos positivos e negativos.
 - CA1.5. Valoráronse as competencias necesarias dos recursos humanos para o desenvolvemento óptimo da actividade da empresa.
 - CA1.6. Identificáronse as canles de difusión máis frecuentes nesta actividade, e valorouse a súa idoneidade.
 - CA1.7. Relacionáronse vantaxes e inconvenientes da estrutura da empresa fronte a outro tipo de organizacións empresariais.
- RA2. Aplica hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos da empresa.
 - CA2.1. Recoñecéronse e xustificáronse:
 - Disponibilidade persoal e temporal necesarias no posto de traballo.
 - Actitudes persoais (puntualidade, empatía, etc.) e profesionais (orde, limpeza, responsabilidade, etc.) necesarias para o posto de traballo.
 - Requisitos actitudinais ante a prevención de riscos na actividade profesional.
 - Requisitos actitudinais referidos á calidade na actividade profesional.
 - Actitudes relacionais co propio equipo de traballo e coa xerarquía establecida na empresa.
 - Actitudes relacionadas coa documentación das actividades realizadas no ámbito laboral.
 - Necesidades formativas para a inserción e a reinserción laboral no ámbito científico e técnico do bo facer profesional.
 - CA2.2. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais que cumpra aplicar na actividade profesional, e os aspectos fundamentais da lei de prevención de riscos laborais.

- CA2.3. Utilizáronse os equipamentos de protección individual segundo os riscos da actividade profesional e as normas da empresa.
- CA2.4. Mantívose unha actitude clara de respecto polo medio nas actividades desenvolvidas, aplicado as normas internas e externas vinculadas.
- CA2.5. Mantivéronse organizados, limpos e libres de obstáculos o posto de traballo e a área correspondente ao desenvolvemento da actividade.
- CA2.6. Interpretáronse e cumpríronse as instrucións recibidas, responsabilizándose do traballo asignado.
- CA2.7. Estableceuse unha comunicación e unha relación eficaces coa persoa responsable en cada situación e cos membros do seu equipo, e mantívose un trato fluído e correcto.
- CA2.8. Coordinouse co resto do equipo e informouse de calquera cambio, necesidade salientable ou imprevisto.
- CA2.9. Valorouse a importancia da súa actividade e a adaptación aos cambios de tarefas asignadas no desenvolvemento da prestación do servizo, integrándose nas novas funcións.
- CA2.10. Comprometeuse responsablemente na aplicación das normas e os procedementos no desenvolvemento de calquera actividade ou tarefa.
- RA3. Programa actividades dirixidas aos cativos e ás cativas, seguindo as directrices establecidas nos documentos que organizan a institución en que se integre, e colaborouse co equipo responsable do centro.
 - CA3.1. Identificáronse as características propias do centro de traballo e do programa ou dos programas que se desenvolvan.
 - CA3.2. Obtívose información sobre as persoas destinatarias do programa.
 - CA3.3. Definiuse unha proposta tendo en conta os recursos humanos e materiais de que se dispoña.
 - CA3.4. Propuxéronse actividades adaptadas ás características dos cativos e das cativas.
 - CA3.5. Seleccionáronse as estratexias de intervención acordes cos obxectivos e as persoas destinatarias.
 - CA3.6. Deseñouse a avaliación da intervención que se vaia realizar.
- RA4. Pon en práctica actividades dirixidas aos nenos e ás nenas seguindo as directrices establecidas na programación e adaptándoas ás características dos pequenos e das pequenas.
 - CA4.1. Identificáronse as características do grupo de cativos e cativas asignado.
 - CA4.2. Determináronse as características do contexto asignado utilizando técnicas e medios adecuados.
 - CA4.3. Organizáronse os espazos seguindo os criterios establecidos na programación.
 - CA4.4. Distribuíuse o tempo respectando as directrices establecidas na programación e os ritmos individuais.
 - CA4.5. Seleccionáronse os recursos en función dos criterios metodolóxicos previstos.
 - CA4.6. Aplicáronse as estratexias metodolóxicas.
 - CA4.7. Conseguiuse un clima de afecto e confianza.
 - CA4.8. Aplicáronse estratexias de xestión de conflitos.

- CA4.9. Respondeuse adecuadamente ás continxencias.
- CA4.10. Realizouse o control e o seguimento da actividade.
- RA5. Avalía programas e actividades intervindo no equipo de traballo, e asegura a calidade no proceso e na intervención.
 - CA5.1. Determináronse as actividades de avaliación e os momentos da súa aplicación.
 - CA5.2. Avaliouse o contorno do traballo e identificáronse as relacións laborais no marco organizativo e de funcionamento da empresa.
 - CA5.3. Aplicáronse os instrumentos de avaliación establecidos, modificando o proxecto, a actividade ou a súa propia intervención, en caso necesario.
 - CA5.4. Elaboráronse os informes de avaliación onde se reflictan os cambios producidos nos nenos e nas nenas a raíz da súa intervención.
 - CA5.5. Organizouse a información recollida seguindo as vías establecidas.
 - CA5.6. Comunicouse a información recollida e permitíuselle ao equipo de traballo a toma de decisións.
 - CA5.7. Reflexionouse sobre a súa propia intervención e valorouse a aplicación dos coñecementos, as habilidades e as actitudes desenvolvidas.

Este módulo profesional contribúe a completar as competencias propias deste título que se alcanzaran no centro educativo, ou a desenvolver competencias características de difícil consecución nel.

2. Anexo II

A) Espazos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente.	60	40	47%
Obradoiro de servizos socioculturais.	120	90	53%

- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar unidades para menos de trinta postos escolares, polo que será posible reducir os espazos formativos proporcionalmente ao número de alumnos e alumnas, tomando como referencia para a determinación das superficies necesarias as cifras indicadas nas columnas segunda e terceira da táboa.
- O grao de utilización expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espazo prevista para a impartición das ensinanzas no centro educativo, por un grupo de alumnado, respecto da duración total das mesmas.
- Na marxe permitida polo grao de utilización, os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnos ou alumnas que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.
- En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas aos espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns.

B) Equipamentos mínimos

Espazo formativo	Equipamento
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aula polivalente. 	<ul style="list-style-type: none"> – Equipamentos audiovisuais. – Computadores instalados en rede, canón de proxección e internet.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Obradoiro de servizos socioculturais. 	<ul style="list-style-type: none"> – Equipamentos audiovisuais: cámara de fotografía dixital, cámara de vídeo dixital, computadores instalados en rede, equipamento de proxección multimedia, equipamento básico de iluminación escénica, equipamento de música con platina, lector de CD e MP3, gravadora de voz, taboleiro dixital; escáner e impresora de cor de A3. – Material de primeiros auxilios: caixa de primeiros auxilios equipada e manequín de primeiros auxilios (de cero a tres anos). – Instalacións e materiais para cuidados, hixiene e alimentación infantil: bañeira encaixable con billa e ducha; moble para cambiar, colchón para o cambio de cueiros, berces, colchóns para berce, colchón de tatami, biberóns, quentador de biberóns, esterilizador de biberóns, forno eléctrico, forno microondas e equipamento de enxoval para coñía. – Material de psicomotricidade grosa: moble carro de psicomotricidade, ladrillos de psicomotricidade, aros de psicomotricidade (diámetros: 40 cm, 50 cm e 60 cm), picas de psicomotricidade (diámetros: 70 cm e 100 cm), conos de psicomotricidade, enganches universais de picas e aros, percorrido encaixable recto e curvo, cordas de psicomotricidade, conxunto de pés e mans de psicomotricidade, pelotas inchables xigantes (diámetros: 55 cm e 60 cm), pelotas de sons, pelotas de agarre e conxunto de módulos encaixables psicomotricidade. – Material de psicomotricidade fina: fiado de formas xeométricas, ensarte de perlas xigantes, fiado de botóns, fiado de carretes, fiado de

	<p>bólas, xogo de bólas encaixables sobre base, xogo de formas xeométricas con bases, xogo de roscas e parafusos, flores de rosca, encaixes de formas xigantes, encaixes básicos de animais, encaixes básicos de personaxes, encaixes básicos de obxectos cotiáns</p> <ul style="list-style-type: none"> - Materiais de xogos estruturados: caixas de música, xogos de construción, formas xeométricas xigantes, torre amoreable, cubo de formas xeométricas, labirintos de formas, casaína de percorrido e xogo motor. - Materiais de expresión rítmico-musical: xogo de sons e lote de instrumentos de percusión. - Materiais de expresión dramática: teatriño desmontable e monicreques (planos, de luva, de varas e de fíos). - Materiais de expresión plástica: mesa de luz, cabaleta de pintura de dúas caras, paletas, pinceis, esponxas de estampaxe, alfombras de corte e escala cromática. - Material de razoamento lóxico-matemático: ábaco, crebacabezas, bloques lóxicos de Diennes, regretas de Cuisenaire, miniarco e dominó. - Material de expresión oral: xogo de imáxines e de iniciación á lectura. - Material de percepción sensorial: conxunto de paneis táctiles, xogos de estimulación multisensorial, xogo óptico, xogo táctil, xogo visual e mesa de auga e/ou area.
--	--

3. Anexo III

A) Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos profesionais do ciclo formativo de educación infantil

Módulo profesional	Especialidade do profesorado	Corpo
<ul style="list-style-type: none"> MP0011. Didáctica da educación infantil. 	Intervención sociocomunitaria.	Catedrático/a de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> MP0012. Autonomía persoal e saúde infantil. 	Servizos á comunidade.	Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MP0013. O xogo infantil e a súa metodoloxía. 	Servizos á comunidade.	Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MP0014. Expresión e comunicación. 	Servizos á comunidade.	Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MP0015. Desenvolvemento cognitivo e motor. 	Intervención sociocomunitaria.	Catedrático/a de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> MP0016. Desenvolvemento socioafectivo. 	Intervención sociocomunitaria.	Catedrático/a de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> MP0017. Habilidades sociais. 	Intervención sociocomunitaria.	Catedrático/a de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> MP0018. Intervención con familias e atención a menores en risco social. 	Intervención sociocomunitaria.	Catedrático/a de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
	Servizos á comunidade.	Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MP0019. Proxecto de atención á infancia. 	Intervención sociocomunitaria.	Catedrático/a de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
	Servizos á comunidade.	Profesorado técnico de formación profesional.
<ul style="list-style-type: none"> MP0020. Primeiros auxilios. 	Procedementos sanitarios e asistenciais.	Profesorado técnico de formación profesional.
	Profesorado especialista.	
<ul style="list-style-type: none"> MP0021. Formación e orientación laboral. 	Formación e orientación laboral.	Catedrático/a de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> MP0022. Empresa e iniciativa emprendedora. 	Formación e orientación laboral.	Catedrático/a de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.

B) Titulacións equivalentes para efectos de docencia

Corpos	Especialidades	Titulacións
<ul style="list-style-type: none"> Profesorado de ensino secundario. 	Formación e orientación laboral.	<ul style="list-style-type: none"> – Diplomado/a en ciencias empresariais. – Diplomado/a en relacións laborais. – Diplomado/a en traballo social. – Diplomado/a en educación social. – Diplomado/a en xestión e administración pública.
	Intervención sociocomunitaria.	<ul style="list-style-type: none"> – Mestre/a, en todas as súas especialidades. – Diplomado/a en educación social. – Diplomado/a en traballo social.

C) Titulacións requiridas para a impartición dos módulos profesionais que conforman o título para os centros de titularidade privada e doutras administracións distintas da educativa, e orientacións para a Administración pública

Módulos profesionais	Titulacións
<ul style="list-style-type: none"> ■ MP0011. Didáctica da educación infantil. ■ MP0015. Desenvolvemento cognitivo e motor. ■ MP0016. Desenvolvemento socioafectivo. ■ MP0017. Habilidades sociais. ■ MP0018. Intervención con familias e atención a menores en risco social. ■ MP0019. Proxecto de atención á infancia. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Licenciado/a en pedagogía. ■ Licenciado/a en psicoloxía. ■ Licenciado/a en psicopedagogía. ■ Mestre/a, en todas as súas especialidades. ■ Diplomado/a en educación social. ■ Diplomado/a en traballo social.
<ul style="list-style-type: none"> ■ MP0012. Autonomía persoal e saúde infantil. ■ MP0013. O xogo infantil e a súa metodoloxía. ■ MP0014. Expresión e comunicación. ■ MP0019. Proxecto de atención á infancia. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Licenciado/a en pedagogía. ■ Licenciado/a en psicoloxía. ■ Licenciado/a en psicopedagogía. ■ Mestre/a, en todas as súas especialidades. ■ Diplomado/a en educación social. ■ Diplomado/a en traballo social.
<ul style="list-style-type: none"> ■ MP0020. Primeiros auxilios. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Licenciado/a en medicina. ■ Diplomado/a en enfermaría.
<ul style="list-style-type: none"> ■ MP0021. Formación e orientación laboral. ■ MP0022. Empresa e iniciativa emprendedora. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Licenciado/a en dereito. ■ Licenciado/a en administración e dirección de empresas. ■ Licenciado/a en ciencias actuariais e financeiras. ■ Licenciado/a en ciencias políticas e da Administración. ■ Licenciado/a en ciencias do traballo. ■ Licenciado/a en economía. ■ Licenciado/a en psicoloxía. ■ Licenciado/a en socioloxía. ■ Enxeñeiro/a en organización industrial. ■ Diplomado/a en ciencias empresariais. ■ Diplomado/a en relacións laborais. ■ Diplomado/a en educación social. ■ Diplomado/a en traballo social. ■ Diplomado/a en xestión e administración pública.

4. Anexo IV

Validacións entre módulos profesionais establecidos no título de técnico superior en educación infantil ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, e os establecidos no título de técnico superior en educación infantil ao abeiro da Lei orgánica 2/2006

Módulos profesionais do ciclo formativo (LOXSE): Educación infantil	Módulos profesionais do ciclo formativo (LOE): Educación infantil
<ul style="list-style-type: none">▪ Didáctica da educación infantil.	<ul style="list-style-type: none">▪ MP0011. Didáctica da educación infantil.
<ul style="list-style-type: none">▪ Autonomía persoal e saúde.	<ul style="list-style-type: none">▪ MP0012. Autonomía persoal e saúde infantil.
<ul style="list-style-type: none">▪ Metodoloxía do xogo.	<ul style="list-style-type: none">▪ MP0013. O xogo infantil e a súa metodoloxía.
<ul style="list-style-type: none">▪ Expresión e comunicación.	<ul style="list-style-type: none">▪ MP0014. Expresión e comunicación.
<ul style="list-style-type: none">▪ Desenvolvemento cognitivo e motor.	<ul style="list-style-type: none">▪ MP0015. Desenvolvemento cognitivo e motor.
<ul style="list-style-type: none">▪ Desenvolvemento socioafectivo e intervención coas familias.	<ul style="list-style-type: none">▪ MP0016. Desenvolvemento socioafectivo.
<ul style="list-style-type: none">▪ Animación e dinámica de grupos.	<ul style="list-style-type: none">▪ MP0017. Habilidades sociais.
<ul style="list-style-type: none">▪ Formación en centro de traballo.	<ul style="list-style-type: none">▪ MP0023. Formación en centros de traballo.

5. Anexo V

A) Correspondencia das unidades de competencia acreditadas consonte o establecido no artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, cos módulos profesionais para a súa validación

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
<ul style="list-style-type: none"> UC1027_3: Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con outros profesionais. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0017. Habilidades sociais.
<ul style="list-style-type: none"> UC1028_3: Programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de nenos e nenas. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0011. Didáctica da educación infantil.
<ul style="list-style-type: none"> UC1029_3: Desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0012. Autonomía persoal e saúde infantil.
<ul style="list-style-type: none"> UC1030_3: Promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0013. O xogo infantil e a súa metodoloxía.
<ul style="list-style-type: none"> UC1031_3: Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0014. Expresión e comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> UC1032_3: Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do cativo e da cativa cos seus iguais e coas persoas adultas. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0016. Desenvolvemento socioafectivo. MP0018. Intervención con familias e atención a menores en risco social.
<ul style="list-style-type: none"> UC1033_3: Definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretadas no contexto do desenvolvemento infantil de cero a seis anos. 	<ul style="list-style-type: none"> MP0015. Desenvolvemento cognitivo e motor.

B) Correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
<ul style="list-style-type: none"> MP0017. Habilidades sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> UC1027_3: Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, co equipo educativo e con outros profesionais.
<ul style="list-style-type: none"> MP0011. Didáctica da educación infantil. 	<ul style="list-style-type: none"> UC1028_3: Programar, organizar, realizar e avaliar procesos de intervención educativa de centro e de grupo de nenos e nenas.
<ul style="list-style-type: none"> MP0012. Autonomía persoal e saúde infantil. MP0018. Intervención con familias e atención a menores en risco social. 	<ul style="list-style-type: none"> UC1029_3: Desenvolver programas de adquisición e adestramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco.
<ul style="list-style-type: none"> MP0013. O xogo infantil e a súa metodoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> UC1030_3: Promover e pór en práctica situacións de xogo como eixe da actividade e do desenvolvemento infantil.
<ul style="list-style-type: none"> MP0014. Expresión e comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> UC1031_3: Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social.
<ul style="list-style-type: none"> MP0016. Desenvolvemento socioafectivo. MP0018. Intervención con familias e atención a menores en risco social. 	<ul style="list-style-type: none"> UC1032_3: Desenvolver accións para favorecer a exploración do contorno a través do contacto cos obxectos, e as relacións do cativo e da cativa cos seus iguais e coas persoas adultas.

<ul style="list-style-type: none">▪ MP0015. Desenvolvimento cognitivo e motor.	<ul style="list-style-type: none">▪ UC1033_3: Definir, secuenciar e avaliar aprendizaxes, interpretadas no contexto do desenvolvimento infantil de cero a seis anos.
--	--

6. Anexo VI

Organización dos módulos profesionais deste ciclo formativo

Curso	Módulo	Duración	Especialidade do profesorado
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0011. Didáctica da Educación Infantil 	240	Intervención sociocomunitaria
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0013. O xogo infantil e a súa metodoloxía 	187	Servizos á comunidade
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0014. Expresión e comunicación 	213	Servizos á comunidade
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0015. Desenvolvemento cognitivo e motor 	213	Intervención sociocomunitaria
1º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0021. Formación e orientación laboral 	107	Formación e orientación laboral
Total 1º (FCE)		960	
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0012. Autonomía persoal e saúde infantil 	155	Servizos á comunidade
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0016. Desenvolvemento socioafectivo 	123	Intervención sociocomunitaria
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0017. Habilidades sociais. 	123	Intervención sociocomunitaria
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0018. Intervención con familias e atención a menores en risco social 	123	Intervención sociocomunitaria
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0020. Primeiros auxilios 	53	Procedementos sanitarios e asistenciais. Profesorado especialista
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0022. Empresa e iniciativa emprendedora 	53	Formación e orientación laboral
Total 2º (FCE)		630	
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0019. Proxecto de atención á infancia 	26	Intervención sociocomunitaria. Servizos á comunidade
2º	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MP0023. Formación en centros de traballo. 	384	

7. Anexo VII

Organización dos módulos profesionais en unidades formativas de menor duración

Módulo profesional	Unidades formativas	Duración
▪ MP0021. Formación e orientación laboral.	▪ MP0021_12. Prevención de riscos laborais.	45
	▪ MP0021_22. Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	62